ACTA NUMERO CATORCE CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 31 DE XULLO DE 1999.

----------oOo----------

No Salón de Actos da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as once horas e cinco minutos do día trinta e un de xullo de mil novecentos noventa e nove se reúne, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, D. Raimundo González Carballo, Dª María Salomé Alvarez Blanco, D. Xosé Luis Bará Torres, D. Miguel Anxo Vázquez Plaza, Dª María dos Anxos Riveiro Portela, Dª María Carmen da Silva Méndez, D. Xosé Luis Veiga Lage, D. Manuel Xesús Fontán Bouzas, D. Juan Luis Pedrosa Fernández, D. Manuel Abeledo López, Dª María Josefa Manzanares Perela, D. José Benito Suárez Costa, D. Francisco Arturo Pichel Márquez, D. Gerardo Zugasti Enrique, D. Enrique de la Peña Vieitez, D. José Manuel Fernández Rodríguez, D. Juan Enrique Magdalena Chan, D. Celestino Lores Rosal, D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla, Dª María Teresa Casal García, D. Luciano Eusebio Santiago Esperón, D. Guillermo Antonio Meijón Couselo y Dª María Dolores Elvira de Ozamiz Lestón**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Iltmo. Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

1.- ACTA ANTERIOR: APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE TIVO LUGAR O DÍA 10 DE XULLO DE 1999.

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar o día 10 de xullo de 1999, que é aprobado por unanimidade e sen modificación ningunha.

2.- PATRIMONIO: APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS MUNICIPAIS, REFERIDA Ó 31/12/1998.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Patrimonio favorable á aprobación da rectificación anual do Inventario de Bens e Dereitos Municipais referida ó 31 de decembro de 1998.

Aberto o debate, se concede a palabra a don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, el cual anuncia su voto favorable y, a la vez que quiere dejar constancia de ese incremento del patrimonio de más de 4.500 millones de pesetas, desea que la nueva Corporación logre superar esa cifra, que sería francamente bueno para Pontevedra.

Terminado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade á proposta de acordo nos termos

seguintes:

Examinada a rectificación do Inventario de Bens e Dereitos Municipais referida ó 31-12-1998, resultan relevantes os seguintes

ANTECEDENTES:

1º.- O Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 24 de novembro de 1994 prestou aprobación á renovación, por actualización, do Inventario de Bens e Dereitos Municipais, impoñendo á Sección de Patrimonio da Secretaría Xeral a obriga de velar polo mantemento e permanente actualización do Inventario, realizando en cada rectificación anual as pertinentes anotacións nas respectivas fichas dos bens e dereitos que resulten alterados.

2º.- O Pleno da Corporación en sesión de 26 de novembro de 1998 prestou aprobación á rectificación do Inventario de Bens e Dereitos Municipais elaborada pola Secretaría Xeral e referida ó 31-12-1997, sendo o valor total dos bens e dereitos inventariados nesa data de 13.113.586.401,- pesetas.

3º.- Corresponde agora elabora-la rectificación do Inventario de Bens e Dereitos Municipais referida ó 31-12-1998, co fin de recoller tódalas vicisitudes ocorridas cos bens e dereitos municipais durante o pasado ano, para o cal a Sección de Patrimonio procedeu ó examen dos expedientes de contratación de suministros e obras, e de adquisicións, reformas e alleamento de inmobles, así como á revisión dos libros de resolucións da Alcaldía e os acordos do Pleno e Comisión de Goberno de 1998.

4º.- Baseándose nos datos obtidos do estudio dos indicados documentos e partindo da valoración do Inventario Municipal referida ó 31-12-1997 sumáronse as altas e alteracións en máis que ascenden a 4.501.027.284,- pesetas, quedando establecido o seu importe total en 17.614.613.685,- pesetas.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS:

I.- A rectificación do Inventario verificarase anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa a teor do disposto no artigo 33.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

II.- De conformidade co establecido no artigo 32 do Regulamento de Bens, corresponde ó Secretario da Corporación a autorización do Inventario co visto e prace do Presidente, o que implica a realización das tarefas de formación, conservación e réxime xurídico dos bens, realizándose as citadas funcións pola Sección de Patrimonio adscrita á Secretaría, axustándose á normativa do Regulamento de Bens.

III.- Da rectificación do Inventario de Bens darase conta á Comunidade Autónoma e á Subdelegación do Goberno, en cumprimento do disposto no artigo 32 do citado Regulamento e artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

IV.- É competencia do Pleno a aprobación das rectificacións do Inventario xa formado, de conformidade co disposto no

artigo 34 do Regulamento de Bens e Dereitos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á rectificación do Inventario de Bens e Dereitos Municipais elaborada pola Secretaría Xeral e referida ó 31-12-1998, nos termos en que foi formada, sendo o valor dos bens e dereitos inventariados na indicada data de 17.614.613.685,- pesetas, que se desglosan nos seguintes epígrafes:

EPÍGRAFE 1: INMUEBLES	VALOR A 31-12-97	RECTIFICACIÓN 1998	VALOR A 31-12-98
1.1 FINCAS URBANAS	11.922.188.024	ALTAS: + 4.259.921.142	16.182.109.166
1.2 FINCAS RUSTICAS	677.511.900	ALTAS +183.400.000	860.911.900
1.3 FUENTES Y (*) LAVADEROS	180		180
1.4 VÍAS PÚBLICAS (*)	373	ALTAS: 1	374
TOTAL INMUEBLES	12.599.700.477		17.043.021.620

EPÍGRAFE 2: DERECHOS REALES	VALOR A 31-12-97	RECTIFICACIÓN 1998	VALOR A 31-12-98
DERECHOS REALES (*)	4		4

EPÍGRAFE 3: MUEBLES HISTÓRICO ARTISTICO	VALOR A 31-12-97	RECTIFICACIÓN 1998	VALOR A 31-12-98
MUEBLES HISTORICO ARTISTICO	53.664.000		53.664.000

EPÍGRAFE 4: VALORES MOBILIARIOS, CREDITOS Y DERECHOS DE CARACTER PERSONAL.	VALOR A 31-12-97	RECTIFICACIÓN 1998	VALOR A 31-12-98
VALORES MOBILIARIOS, CREDITOS Y DERECHOS DE CARÁCTER PERSONAL			

EPÍGRAFE 5: VEHÍCULOS	VALOR A 31-12-97	RECTIFICACIÓN 1998	VALOR A 31-12-98
VEHÍCULOS	220.148.685	ALTAS: + 16.325.000	236.473.695

EPÍGRAFE 6: SEMOVIENTES	VALOR A 31-12-97	RECTIFICACIÓN 1998	VALOR A 31-12-98
SEMOVIENTES	0		0

EPÍGRAFE 7: OTROS BIENES MUEBLES	VALOR A 31-12-97	RECTIFICACIÓN 1998	VALOR A 31-12-98
OTROS BIENES MUEBLES	240.073.235	ALTAS: + 41.381.131	281.454.366

EPÍGRAFE 8: BIENES Y DERECHOS REVERTIBLES	VALOR A 31-12-97	RECTIFICACIÓN 1998	VALOR A 31-12-98
BIENES Y DERECHOS REVERTIBLES			

SEGUNDO.- A rectificación do Inventario referida ó 31-12-1998 producirá efectos legais a partir da súa aprobación, de-

bendo autorizarse polo Secretario da Corporación co visto e prace do Iltmo. Sr. Alcalde, dando conta da rectificación aprobada ó Interventor do Concello, Subdelegación do Goberno e á Xunta de Galicia.

3.- PATRIMONIO: INCLUSIÓN DA RÚA BLANCO AMOR (TRAMO GLORIETA DE PACO LEIS A COLEXIO JUAN XXIII) NO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS E VENDA DIRECTA DA PARCELA SOBRANTE DE VÍA PÚBLICA Ó PROPIETARIO LINDANTE.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Patrimonio favorable á inclusión da rúa Blanco Amor (tramo glorieta de Paco Leis a Colexio Juan XXIII) no Inventario de Bens e Dereitos Municipais.

Aberto o debate, se concede a palabra a don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, quien manifiesta que le parece bien que se haya retirado esa parte que consta en el orden del día de la venta directa de la parcela, pues no sería lógico que se vendiese por 80.000 pesetas un sobrante de vía pública y se legalizase la infracción urbanística del muro que existe en esa vivienda, por lo que una vez suprimada esa parte va a votar a favor.

Finalizado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade á proposta de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado a instancia de D. Miguel Angel García Pérez no que solicita o alleamento dun sobrante de vía pública na avenida de Eduardo Blanco Amor, son relevantes os siguintes

FEITOS:

1º.- O Concello de Pontevedra solicitou da Excma. Deputación Provincial que se fixera cargo do camiño de Campolongo a Figueirido, acordando a Administración Provincial en data 28 de novembro de 1972 acepta-la proposta do Concello de Pontevedra "si bien con la salvedad de que la Diputación se haga cargo solamente de la porción de camino perteneciente a zona rural, es decír, a partír del lugar donde se encuentra situado el Colegio "Juan XXIII". Este acordo da Deputación foi posto en coñecemento do Pleno do Concello que en sesión de 28 de decembro de 1972 acordou agradecer á Deputación a adopción do acordo e efectua-la entrega do camiño a esa Administración nos termos que expresa no seu acordo.

Resulta pois aclarada a cuestión acerca da titularidade da avenida de Eduardo Blanco Amor, debéndose incluir esta parte da avenida no Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

2º.- O Arquitecto municipal en informe de 12 de marzo de 1998 sinala, en relación coa solicitude de D. Miguel Angel García Pérez de licencia para construcción de vivenda e expediente de solicitude de peche de parcela, que a Administración Municipal obriga ó interesado a proceder á correcta urbanización parcial do vial no frente da súa parcela, de conformidade coa ordenación urbanística, e así se condiciona expresamente na licen-

cia, indicando que a adquisición do sobrante de vía pública lle es necesario e imprescindible para poder aliñar e urbanizar correctamente a súa parcela de acordo coa licencia.

O citado Técnico municipal en data 8 de febreiro de 1999 informa que "el terreno se encuentra en el tramo de camino o vía pública anterior al Colegio de Juan XXIII.- El terreno en cuestión sí puede calificarse como sobrante de vía pública, por cuanto queda fuera de alineación oficial y por si solo no es aprovechable ni edificable.- La superficie del terreno es de 24,50 m2. y linda en las dimensiones y orientación que se señala en el plano que se adjunta al presente informe.- Su valor, tomando como base el del Catastro de Urbana alcanzaría la cantidad de 87.725 ptas. (24,50 x 3.580,598 = 87.725 Pts.) OCHENTA Y SIETE MIL SETECIENTAS VEINTICINCO PESETAS".

3º.- Queda acreditada no expediente a condición de colindante do solicitante, en virtude de escritura pública de compravenda outorgada ante o Notario D. César Cunqueiro González-Seco, de 1 de febreiro de 1994, nº de protocolo 235.

4º.- A Policía Local en informe de 23 de febreiro de 1999 indica que o solicitante construiu un muro, ó parecer sen licencia municipal, de forma que nalgúns puntos a calzada hábil para peóns resulta moi estreita. Así mesmo, informa que o plano que se aporta no expediente non se corresponde coa realidade.

5º.- En data 3 de marzo de 1999 outorgouse trámite de audiciencia ó solicitante quen manifesta que se aprecia a existencia dunha discrepancia a maiores na dimensión do citado sobrante, tanto no informe emitido pola Policía Local como no esbozo confeccionado pola mesma, xa que no citado esbozo se reflicte que o sobrante de vía pública chega ata a beiravía, cando o mesmo en realidade abarca a zona de vía pública comprendida entre a alineación fixada polo P.X.O.U. e o límite coa súa propiedade. Acompaña planos do estado actual e fotografía na que se reflicte a situación anterior, diferenciando o que é a calzada e o sobrante de vía pública.

6º.- O Arquitecto en data 25 de marzo informa que "la cuestión referente a que el particular haya efectivamente construído el muro sin contar para ello con la preceptiva licencia municipal, es completamente independiente del expediente que nos ocupa, es decír, de la adquisición del sobrante de vía pública y corresponde resolverla en el respectivo expediente de infracción urbanística, caso de ser efectivamente cierto.- La alineación del muro en cuestión que define el sobrante de vía pública coincide con las alineaciones en vigor para la zona.- La única cuestión, fundamental del expediente es si con tal cesión del sobrante se asegura o no el tránsito normal de personas, cuestión ésta que compete a la Policía Municipal.- En ese orden de consideraciones, se hace constar lo siguiente: a) Que en el mismo vial, existen bastantes más casos en donde las aceras son de parecidas dimensiones al ancho de 0.50 al que la Policía Municipal se refiere.- b) Que justamente en el margen opuesto la alinea-

ción del vial se retrasará sustancialmente con motivo de las obras de urbanización y edificación de una parcela que fue objeto de Estudio de Detalle para su ordenación, con lo que el problema puntual al que se refiere la Policía Municipal, quedará solucionado cuando éstas finalicen".

7º.- O Tenente de Alcalde Delegado de Economía, Facenda e Patrimonio, á vista dos informes do Sr. Arquitecto municipal nos que sinala que o terreo en cuestión é un sobrante de vía pública, estima procedente a venda do sobrante ó solicitante, por canto acreditou a súa condición de colindante co terreo municipal.

8º.- O Interventor Xeral en data 21 de maio de 1999 informa que "1º.- A los efectos de lo preceptuado en los Artículos 79 del T.R. y 109 del R.B., señalar que los recursos ordinarios del Presupuesto de 1999 del Ayuntamiento de Pontevedra ascienden a la cantidad de 4.911.901.651 ptas., por lo que no superando el bien inmueble patrimonial objeto de permuta el 25% de dicha cantidad al estar valorado en 87.725 ptas., es suficiente la comunicación de la permuta al órgano competente de la Comunidad Autónoma", e como informe complementario indica que "en el concepto 602.00 está previsto un ingreso por enajenación de parcelas no edificables sobrantes en la vía pública en cuantía de 100.000 pesetas".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- O artigo 7 do Regulamento de Bens das Entidades Locais dispón que: "1º.- Se clasificarán como bienes patrimoniales las parcelas sobrantes ... 2ª.- Se conceptuarán parcelas sobrantes aquellas porciones de terrero propiedad de las Entidades Locales que por su reducida extensión, forma irregular o emplazamiento, no fueren susceptibles de uso adecuado. 3º.- Para declarar un terreno parcela sobrante se requerirá expediente de calificación jurídica, en la forma que previene el artículo siguiente y con la excepción que señala su número 3".

II.- O artigo 8 do citado Regulamento regula o expediente para a alteración da calificación xurídica dos bens das Entidades Locais, sinalando que "no obstante, la alteración se produce automáticamente en los siguientes supuestos: a) Aprobación definitiva de los planes de ordenación urbana y de los proyectos de obras y servicios". No presente suposto non é preciso expediente de calificación xurídica, por canto se cumple a excepción do artigo 8 do Regulamento de Bens e artigo 81.2.a) da Lei de Bases do Réxime Local, xa que a calificación prodúcese automaticamente pola aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana.

III.- A parcela que se pretende allear reúne os requisitos que se sinalan no citado artigo 7.2 para que sexa calificada como parcela sobrante, xa que pola súa extensión 24,50 m2., non é susceptible dun uso adecuado.

IV.- O artigo 115 do Regulamento de Bens das Entidades Locais dispón que "las parcelas sobrantes a que alude el artículo séptimo serán enajenadas por venta directa al propietario o pro-

pietarios colindantes o permutadas con terrenos de los mismos".

V.- Obra ne expediente a valoración pericial da parcela, resultando, así mesmo, acreditada a condición de colindante do solicitante.

VI.- Tendo en conta que o sobrante de vía pública que se pretende allear non figura incluído no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, de conformidade co disposto no artigo 22.2.o) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réximen Local, é competencia do Pleno a adopción deste acordo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda inclui-lo tramo da rúa Blanco Amor, comprendido entre a Glorieta de Paco Leis e o Colexio Xoan XXIII, no Inventario de Bens municipais e, así mesmo, cualificar como parcela sobrante de vía os terreos que quedan fóra das alineacións oficiais establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana, os cales poderanse vender ós lindantes mediante a tramitación de procedemento procedente no que se acredite a conveniencia e legalidade do alleamento, previa descrición e valoración real das parcelas sobrantes, correspondendo a súa resolución á Comisión de Goberno na que a Alcaldía delegou esa atribución.

4.- URBANISMO: APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UNIDADE DE ACTUACIÓN Nº 14-2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA (NA PARDA).

Examinado o expediente instruido para a xestión da Unidade de Actuación nº 14.2 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, situada na Parda.

RESULTANDO acreditados os seguintes

FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 30.10.97, acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Estatutos e o de Bases de Actuación da futura Xunta de Compensación da Unidade de Execución 14.2 do P.X.O.U. -A Parda-, presentados a esta Administración municipal pola totalidade dos particulares e entidades mercantís propietarias dos terreos integrantes dese ámbito espacial, situado na Parda e coa finalidade de proceder á súa xestión e execución.

Así mesmo, polo devandito acto administrativo tomouse coñecemento do acordo unánime dos propietarios incluidos nesta Unidade 14-2, de presentación do Proxecto de Compensación da devandita Unidade, equivalente á súa aprobación inicial, dispoñéndose o seu sometimento a información pública, polo prazo de vinte días, con citación persoal dos interesados e a través da correspondente publicación no Diario Oficial de Galicia, co fin de que se formulasen as alegacións que se estimen procedentes.

2º.- En cumprimento deste acto administrativo, insertáronse anuncios no Boletín Oficial da Provincia nº 224 de 19/11/97 e Diario Oficial de Galicia nº 244 de 18/12/97, con notificación individualizada ós propietarios e remisión de testemuño á C.P.T.O.P.V. da Xunta de Galicia para logra-la executividade do

acordo de aprobación de Estatutos e Bases e a información pública do proxecto de Compensación, subseguinte á súa aprobación inicial e toma de razón.

3º.- Requeríndose ós propietarios afectados a constitución da Xunta de Compensación da Unidade, mediante escritura autorizada polo Notario desta cidade don Eduardo Méndez Apenela al nº 3282 do seu protocolo de 17/6/98, constituíuse tal órgano, aprobándose por acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de 3/8/98. A Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, o 13/10/98 acordou inscribir esta Xunta no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

4º.- Non habéndose deducido alegacións ó proxecto durante a súa fase de información pública, según certificación da Secretaría Xeral de 20/1/98 incorporada ó expediente, remitiuse o Proxecto de Compensación a informe do Servicio Municipal de Xestión e Disciplina Urbanística co fin de que se informase a súa adecuación ás disposicións de réxime do solo e ordenación urbana e planeamento municipal, así como a concreción das cesións e aproveitamentos susceptibles de apropiación; o Sr. Arquitecto Xefe desta Unidade, o 9/9/98, informou ter que adecuarse o proxecto á Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia, norma que entrou en vigor durante a súa tramitación e aclararse determinados extremos.

5º.- Este informe trasladouse mediante oficio da Alcaldía de 18/9/98 ó Sr. Presidente da Xunta, presentándose en contestación ó mesmo o día 10/10/98 diversas aclaracións. Á súa vez, a propietaria e membro da Xunta, doña Isabel Martínez Martínez, en escrito presentado o 8/10/98, alegou posuír a súa finca unha superficie maior que a que obraba no Proxecto de Compensación, polo que, polo tanto, lle correspondería maior edificabilidade. En atención a estes documentos, o Arquitecto Xefe do Servicio Municipal de Xestión e Disciplina Urbanística informou o 2/12/98, que tería que presentarse un novo Proxecto de Compensación no que se analizasen tódalas fincas resultantes co aproveitamento correspondente, o que comunicou a Alcaldía ó Presidente da Xunta e á Sra. Martínez Martínez, por medio de oficios de 9/12/98.

6º.- O pasado 10/5/99, don Benito Durán Portela como Presidente da Xunta de Compensación da Unidade de Execución 14.2 do P.X.O.U.-A Parda, presentou ante o Rexistro Xeral de entrada do Concello documentación correxida do Proxecto de Compensación redactado, aportando certificación da aprobación pola Asemblea Xeral Extraordinaria da Xunta o 26/4/99 da subsanación do proxecto e de monetarizar a reclamación de edificabilidade suscrita por doña Isabel Martínez Martínez.

7º.- Con tales correccións, o Arquitecto Xefe do Servicio Municipal de Xestión e Disciplina Urbanística, o pasado 16/6/99, informou en sentido favorable o Proxecto de Compensación por efectuarse as correccións e adaptacións referidas no seu informe de 16/6/98, adaptándose á normativa urbanística de

aplicación e ó planeamento de ordenación integral do municipio e de desenvolvemento do mesmo.

CONSIDERANDO de aplicación os siguientes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- Como xa se motivou no acordo plenario de dación de conta da aprobación do Proxecto, a Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSGA) na súa Disposición transitoria cuarta, determina que os procedimentos urbanísticos en tramitación á súa entrada en vigor, se rexirán pola mesma. Vixente este texto legal, reitérase que son plenamente aplicables os seus preceptos xunto cos do Regulamento de Xestión Urbanística, aprobado por Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto (RG), a este procedimento.

II.- En atención ó artigo 133.8 LSGA seguiuse, para a aprobación do presente proxecto, o procedimento previsto no seu artigo 102, polo que aprobado inicialmente o proxecto, someteuse a información pública por vinte días, con citación persoal de interesados e publicación no D.O.G., sen que se formularan reclamacións. Non obstante, deducidas alegacións fora do prazo estipulado, estudiaronse polo Servicio Técnico Municipal, aprobándose a modificación do Proxecto de Compensación pola Asemblea Xeral da Xunta, como consta en certificación aportada polo seu Presidente.

III.- O Regulamento de Xestión Urbanística establece no seu artigo 174 os efectos da aprobación do Proxecto de Compensación, determinando tamén a Lei 1/1997, no seu artigo 135.3 que a transmisión á Administración de tódolos terreos de cesión obrigatoria, en pleno dominio e libre de cargas, terá lugar por ministerio da lei coa aprobación definitiva do proxecto de compensación, dispoñendo o seu artigo 70.2 que os propietarios de solo urbano deberán cede-lo terreo necesario para situa-la porcentaxe de aproveitamento tipo que corresponda ós terreos incluidos nas áreas de reparto que se definan polo planeamento en solo urbano non consolidado e cede-los terreos en que se localice o aproveitamento correspondente ó Concello por exceder do susceptible de apropiación privada.

IV.- O artigo 133.6 LSGA establece que para a definición de dereitos aportados, valoración das fincas resultantes, regras de adxudicación, aprobación, efectos do acordo aprobatorio e inscripción no Rexistro da Propiedade do Proxecto de Compensación estarase ó disposto para a reparcelación, de tal maneira que, ó amparo do artigo 104 deste texto legal, o acordo aprobatorio do proxecto producirá a transmisión a esta Administración, en pleno dominio e libre de cargas, de tódolos terreos de cesión obrigatoria para a súa incorporación ó patrimonio do solo ou a súa afectación ós usos previstos no planeamento, a subrogación, con plena eficacia real, das antigas polas novas parcelas, sempre que quede establecida a súa correspondencia e a afectación real das parcelas adxudicadas ó cumprimento das cargas e pago dos gastos inherentes ó sistema de actuación correspondente.

V.- A citada cesión, non obstante, enténdese sen prexuízo do dereito de ocupación (anticipada a esa cesión, como recoñece a doctrina máis autorizada) de tales terreos pola Xunta e a empresa encargada da execución das obras de urbanización coa finalidade de proceder a esta execución e ata a recepción das obras pola Administración, como estipula o artigo 179 RG, en tanto que o artigo seguinte determina que esa cesión efectuarase en favor da Administración actuante dentro dun prazo non superior a tres meses, contado desde a recepción definitiva pola propiedade, sendo formalizadas as cesións de obras, instalacións e dotacións, se foran precisas, en actas que suscribirán a Administración actuante e a citada propiedade.

VI.- Esa xestión da obra urbanizadora, non significa que este Concello quede desprovisto de atribucións interventoras en tal xestión. O artigo 175.3 RG estipula que a Administración actuante terá facultades para vixia-la execución das obras e instalacións, podendo adopta-las medidas legais esixibles se non se executasen de conformidade cos proxectos aprobados e, no seu caso, de urbanización cando fora preciso.

VII.- O artigo 174.4 RG establece que a aprobación definitiva do proxecto de compensación produce idénticos efectos xurídicos que a da parcelación. Desta maneira unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación, o Concello outorgará escritura pública ou expedirá documento coas solemnidades e requisitos dispostos para as actas dos seus acordos, como dispoñen os artigos 113 e 114 RG, procedéndose á súa inscripción no Rexistro da Propiedade coa forma e efectos determinados no artigo 106 LSGA.

VIII.- O artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción conferida pola Lei 11/1999, de 21 de abril, atribúe ó Alcalde as aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento xeral non expresamente atribuidas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, delegando a Alcaldía esta competencia, por resolución de 6/7/99, na Comisión de Goberno. Non obstante, tendo coñecemento o Pleno da Corporación, en sesión plenaria de 30/10/97, da presentación polos propietarios afectados do Proxecto de Compensación da Unidade, instrumento que é de xestión urbanística, seguindo unha constante en normas de ordenación territorial como a Lei 7/1997, de 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e de colexios profesionais, no sentido de que os procedimentos iniciados antes da súa vixencia rexiranse pola normativa anterior, a presente adopción do acordo debe ser adoptada polo Pleno da Corporación, tendo, non obstante, que emitir dictame previo a Comisión Informativa Municipal de Urbanismo, como consta no artigo 123 do R.O.F., Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación definitiva ó Proxecto de Compensación da Unidade de Actuación nº 14.2 do P.X.O.U.-A Parda, formulado pola Xunta de Compensación deste ámbito espacial, coa finalidade de proceder á súa xestión e execución urbanística, determinándose que a formalización deste proxecto de compensación, se efectúe en documento administrativo coas solemnidades e requisitos dispostos para as actas dos acordos deste Concello co contido legalmente esixido, ou ben mediante escritura pública se así o prefire a Xunta de Compensación e pola súa conta. En calquera caso, o documento no que se formalice inscribirase no Rexistro da Propiedade, previa protocolización notarial do mesmo, sendo ámbalas dúas obrigas pola conta da Xunta.

SEGUNDO.- Incorpora-los terreos desta Unidade de Actuación nº 14.2 de cesión obrigatoria -en pleno dominio e completamente libres de cargas e gravámenes- ó patrimonio municipal e inventario de bens e á súa afectación ós usos previstos polo planeamento.

A cesión entenderase sen prexuízo do dereito de ocupación para procederse á execución das obras, tendo que se efectua-la cesión e entrega da urbanización nun prazo non superior a tres meses contado desde a recepción definitiva pola propiedade, formalizándose esta en actas que suscribirán este Concello e os citados propietarios.

TERCEIRO.- Publica-lo presente acto administrativo no taboleiro de anuncios deste Concello, "Diario de Pontevedra" e "Diario Oficial" de Galicia e notificalo individualizadamente ós interesados con comunicación de testemuño do mesmo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

CUARTO.- Prestar aprobación definitiva á liquidación practicada pola Administración Municipal de Rendas, en contía de 67.200,- pesetas, en concepto de taxa por prestación de servicios urbanísticos, de acordo coas vixentes Ordenanzas Fiscais, cantidad esta que deberá ser ingresada en arcas municipai nos prazos establecidos no Regulamento Xeral de Recadación.

5.- URBANISMO:APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS MEDIDAS DE CONSERVACIÓN E DE SEGURIDADE NOS ELEMENTOS EXTERIORES DAS EDIFICACIÓNS.

O Sr. Alcalde retira este asunto da orde do día, a petición dos grupos municipais do Partido Popular e do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

6.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E OUTROS SERVICIOS MUNICIPAIS: REDUCCIÓN DA TARIFA DA TAXA ESTABLECIDA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS MUNICIPAIS NA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS.

Dáse conta de proposta do Presidente da Comisión de Economía, Facenda e Patrimonio, que di:

A Ordenanza Fiscal reguladora das taxas polos documentos que expidan ou de que entendan as Administracións ou Autoridades Locais, a instancia de parte, que se aprobou o 30 de de-

cembro de 1996 e que se somete a exame e nova aprobación pola Corporación, mantén substancialmente os mesmos epígrafes das tarifas, salvo a modificación do importe da taxa que suxeita a celebración de matrimonios civís en que se propón a súa reducción de 25.000 pesetas a 10.000 pesetas; o establecemento dunha tarifa que demanda o exercicio da actividade municipal para a súa exacción, Padróns Fiscais: Información sectorial sobre os mesmos, por diskettes ou relacións, e por último do apartado a) do artigo 5º sobre beneficios fiscais, eliminando a referencia a "Padrón de Beneficencia como pobles de solemnidade", e dándolle unha nova redacción ó apartado b) do devandito artigo.

Despois lese o dictame favorable, por maioría, da Comisión de Economía, Facenda e Patrimonio e se concede a palabra a don Roberto Jesús Taboada Rivadulla, portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, quien manifiesta que son criterios políticos y no economicistas los que le guían para votar a favor de la reducción de la tarifa de la tasa por la celebración de matrimonios civiles, porque entiende que los ciudadanos pontevedreses van a agradecer que el grupo socialista apoye esa reducción ya que hay cuestiones en política que no necesariamente tienen que ser rentables económicamente, aunque si socialmente, por lo que cree que la rebaja de esta tasa la agradecerán fundamentalmente aquellas personas que quieren contraer matrimonio civil en una institución municipal como ésta y que, por otros motivos como está ocurriendo, tienen que trasladarse a otros municipios o sitios en donde probablemente no tengan mejores instalaciones que éstas, teniendo que decir también que le parecería interesante o por lo menos importante que se fijase un protocolo para este tipo de actos, más o menos normativizado y con cierta solemnidad para que tuviera la trascendencia que requiere un acto de estas características.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, anunciando la oposición de su grupo a que se rebaje la tarifa de las 25.000 pesetas, porque se estableció después de calcular lo que cuesta la intervención de un subalterno, de un administrativo de protocolo, de los operarios que colocan y retiran las alfombras, la limpieza del Salón y las flores que se ponen en este tipo de actos, y eso cuesta las 25.000 pesetas en que se fijó la tasa, por lo que el que se reduzca esta tasa en este momento tiene que interpretarse como que pasan todos los pontevedreses a pagar parte del costo de la boda de los que se casen en este Ayuntamiento o que se va a reducir la calidad del servicio y no es buena ninguna de las dos cosas, no pudiéndose justificar la reducción de la tasa porque la gente se va a casar a Poio, ya que si lo hacen es por otros motivos tales como porque el marco es más bonito y porque luego hacen las fotos en los alrededores, pero no porque aquí cueste 25.000 pesetas

y allí sea gratuito, porque además la diferencia entre 10.000 y 25.000 pesetas es el chocolate del loro comparado con lo que cuesta el convite después de la boda, por lo que por esas dos cuestiones el Partido Popular va a votar en contra de la rebaja de esta tasa.

A seguir fai uso da palabra don Raimundo González Carballo, na súa condición de Presidente da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Patrimonio, para dicir que o que se presenta é unha ordenanza que modifica á precedente con relación á expedición de documentos e aínda que un dos seus aspectos fundamentais é o tema das taxas pola celebración de matrimonios civís, tamén contén máis cousas como a eliminación de anacronismos que se contemplaban na anterior e introdúcese unha nova taxa de padróns fiscais, o cal non compensa as substanciosas perdas das que fala o señor Pedrosa, pero a reducción desta taxa de matrimonios civís tendo en conta que o ano pasado se deberon de celebrar cinco ou seis bodas, o que supón no presuposto do Concello é unha cousa mínima, aínda que tivo a tentación de subila a ver se así se cubría o déficit da primeira fase do plan de aceras, pero como non daba para iso se optou por prestar un servicio á cidadanía e potenciar que este tipo de actos se poidan celebrar aquí no Concello de Pontevedra, evidentemente é unha opción política que o equipo de goberno adoptou ó igual que no seu día fixo o Partido Popular de fixala en 25.000 pesetas.

En quenda de réplica o señor Pedrosa Fernández di que lo manifestado por el señor González Carballo está muy bien como chiste pero que procure buscar ese aumento del presupuesto por otras vías, pues es evidentemente que no lo conseguirá por la de las bodas, ni subiéndola ni multiplicándola por cien.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de dez Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda aproba-la proposta.

7.- SEGUIMENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL:

A) APROBACIÓN DE PROPOSTA PARA O REGULAMENTO DO CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAIS NAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

Dase conta de proposta da Alcaldía para o regulamento do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno municipais nas sesións ordinarias do Pleno da Corporación, que di:

En virtude do chamado "Pacto Local" aprobouse a Lei de modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e outras medidas para o desenvolvemento do go-

berno local.

Un dos cambios introducidos nesta modificación é o reforzamento das funcións de control político do Pleno da Corporación mediante a previsión de que na orde do día do Pleno figure con substantividade propia e diferenciada a parte adicada a control político da parte resolutiva, debendo garantirse de forma efectiva no seu funcionamento e, se é o caso, na súa regulación, a participación de todos os grupos municipais na formulación de rogos, preguntas e mocións (art. 46.2 e).

En cumprimento do establecido na citada lei e a fin de propiciar un proceso de democratización da vida municipal, a Alcaldía formula a seguinte proposta de regulamento de control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno municipais nas sesións ordinarias do Pleno da Corporación:

a) Comparecencias dos concelleiros e concelleiras con responsabilidade de goberno. Poderán realizarse por iniciativa do grupo de goberno ou a pedimento dos demais grupos municipais, sinalándose neste caso un prazo de 4 días antes do Pleno para súa formulación. As intervencións serán as previstas no Regulamento Orgánico da Corporación para os asuntos do Pleno.

b) Solicitudes e mocións ordinarias. Serán tratadas na Comisión Informativa que corresponda, que determinará o trámite e o órgano competente para a súa resolución.

c) Mocións urxentes. Trataranse no Pleno segundo o establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

d) Preguntas e interpelacións. Formularanse no propio Pleno e serán respondidas polo Alcalde ou polo concelleiro ou concelleira responsable da área, de ser posible na mesma sesión plenaria ou senón na seguinte. Admitirase un turno de réplica.

e) Rogos. Formularanse oralmente no Pleno, tomando o grupo de goberno coñecemento do asunto.

Aberto o debate, se concede a palabra a don Roberto Jesús Taboada Rivadulla, portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, o cal di que de acuerdo con la reunión que ha mantenido la junta de portavoces sobre este tema y esta propuesta, su grupo la va a votar a favor.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, manifestando que se va a abstener en este punto del orden del día porque este documento que acaba de leer el Secretario le fue entregado el viernes a las dos de la tarde y aunque aquí se pueda decir que se trató en la junta de portavoces, lo cierto es que hay diferencias entre lo que allí leyó el señor Alcalde y lo que hoy se presenta, concretamente en el tema de mociones urgentes que ahora se establece lo dicho en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, cuando éste es un tema que está perfectamente recogido en el Reglamento Orgánico que regula clarísimamente como,

cuando y en donde se presentaban y, aún cuando entiende que la Alcaldía es muy libre de organizar las sesiones plenarias como crea conveniente, no está tan de acuerdo en que ponga en su exposición de motivos como disculpa la democratización de la vida municipal, cuando la vida municipal hace veinte años que está totalmente democratizada, por lo que sólo entiende que ponga ésto porque es un apartado que llevaba en su programa electoral y así lo dan por cumplido.

A seguir fai uso da palabra don Xosé Luis Bará Torres, portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para indicar que se trata de aprobar un regulamento que rixa o control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno e que se xustifíca sobre a base de profundizar na democratización da administración municipal que é un proceso que hai que mellorar e perfeccionar, xa que a democracia non é algo formal senón que hai que exercela día a día, facela cada vez máis participativa e ó mesmo tempo facilita-la transparencia na xestión, e neste sentido o grupo de goberno está a impulsar medidas que van no camiño de democratizar efectivamente o Concello, como por exemplo facilita-la información ó público, participación cidadá, o traballo dos medios de comunicación e dos grupos políticos, pero tamén este regulamento organiza-lo que é o control e seguimento do labor dos órganos de goberno e ademais trátase de regular e organizar algo que se contempla na Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local aprobada no pasado mes de maio, por tanto esta é a finalidade concreta deste regulamente; que ó respecto das manifestacións do señor Pedrosa, ten que decirlle que este tema tratouse na xunta de portavoces, algo absolutamente novidoso con respecto ós catro anos do seu mandato, o cal demostra tamén a distinta maneira de concebi-la domocracia que ten este grupo de goberno, e nesa xunta de portavoces vostede manifestou un absoluto desinterese por tratar esta cuestión, dixo que lle daba igual, entón non veña agora dicindo que se modificaron cousas con respecto á xunta de portavoces, polo tanto este grupo de goberno considera que con esta regulación vaise facilita-lo labor de control e fiscalización dos órganos de goberno, incluso con respecto ó marco legal, sobre todo no caso das comparecencias establécese un procedimento moito máis áxil que vai redundar nunha maior transparencia e nunha maior eficacia da vida municipal.

Volve a intervi-lo señor Taboada Rivadulla para indicar que sen dúbida o grupo municipal socialista ten moito interese na democratización da vida municipal como o demostrou ó inicio deste mandato nos acordos co grupo municipal do BNG, polo tanto está de acordo coa proposta xa que a pluralidade e a transparencia son o seu empeño, pero ten que formular unha cuestión de matiz en canto á alusión que se fixo respecto ó Regulamento Orgánico da Corporación que pensa que é do ano 1987 e que está desfasado, polo que hai que facelo novo porque non se adapta

ás circunstancias actuais.

En quenda de réplica o señor Pedrosa Fernández dille ó señor Bará Torres que en ningún momento manifestó que le daba igual si no que entendía que organizar las sesiones plenarias corresponde al señor Alcalde y por lo tanto le parece muy bien que lo haga como crea conveniente, pero para ello no tiene porque contar con el visto bueno del Partido Popular, aunque sea algo que el Bloque Nacionalista Galego desearía o al menos trata de dar esa sensación; que al señor portavoz del PSOE tiene que recordarle que el Reglamento Orgánico se aprobó probablemente cuando era Concejal y con su voto a favor, y que cree que éste es el más democrático de todos los Ayuntamientos españoles.

Remata o debate e o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de dez Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Partido Popular), acorda aproba-la proposta da Alcaldía

B) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA (ALCALDE E TENENTES DE ALCALDE DELEGADOS DE ÁREA) DENDE O 3 Ó 20 DE XULLO DE 1999.

Concédese a palabra a don Luciano Eusebio Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, o cal manifesta que lle gustaría que no sucesivo as resolucións dictadas pola Alcaldía estean con máis anticipación á disposición dos Concelleiros na Secretaría Xeral porque esta vez non tivo moito tempo para miralas todas xa que onte aínda había certas dificultades para podelas ver.

De seguido intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, solicitando que el señor Alcalde le aclare si en este punto puede preguntar por una resolución de la Alcaldía o por el contrario tiene que esperar al apartado de ruegos y preguntas.

Contéstalle o señor Alcalde que precisamente este punto é para que as resolucións da Alcaldía dean lugar a un debate como calquera outro punto da orde do día, con unha intervención e réplica por parte do equipo de goberno, pois é unha das medidas que quere levar adiante.

Segue no uso da palabra o señor Pedrosa Fernández sinalando que hay una resolución de la Alcaldía, firmada el día 29 de julio, en la que decide interponer recurso contencioso-administrativo ante la Sala del Tribunal Superior de Justicia de Galicia contra el acuerdo adoptado por el Consello de la Xunta de Galicia en su reunión del día 23 de abril de 1999, por lo que le gustaría que explicase con que objeto interpone este recurso y también por que no sometió a la resolución del Pleno en la sesión de hoy la interposición o no de este recurso, teniendo en cuenta que el plazo, como se recoge en esa re-

solución, finaliza el próximo día 4 de agosto por lo que no existe justificación alguna para utilizar la vía de urgencia toda vez que se disponía de tiempo suficiente para haberlo debatido y votado en este Pleno, con lo que da a entender que lo único que trata es de ocultarlo para que dentro de un mes ya no tenga objeto la discusión en este Pleno al estar ya interpuesto el recurso.

Contéstalle o señor Alcalde que esa resolución é do día 29 deste mes e as que veñen hoxe a este Pleno son as dictadas dende o 3 ó 20 de xullo, pero en todo caso pide ó Secretario que informe da xustificación da urxencia para presentala.

Informa o señor Secretario Xeral que é certo que hai un prazo para interpoñe-lo recurso, pero a decisión da Alcaldía de interpoñelo viña dada porque o Letrado Asesor marchaba de vacacións e tiña que se interpoñer, porque unha cousa é interpoñe-lo recurso e outra distinta e sucesiva é a formalización da demanda, pois coa interposición do recurso simplemente se anuncia e a Sala reclama o expediente e empraza ó Concello para formula-la demanda, pero ó Pleno virá a ratificación da resolución antes de que se interpoña a demanda e por iso se di na propia resolución "sen prexuízo de que a Alcaldía poida designar outro letrado que asuma a dirección xurídica do recurso para formaliza-la demanda e continua-lo procedimento nos seus trámites", polo tanto o motivo desta resolución da Alcaldía é que como neste momento o señor Letrado íbase de vacacións e cando regresara xa remataría o prazo.

De novo intervén o señor Pedrosa Fernández dicindo que creía que simplemente era una media democratización, pero observa que ahora es completa, pero lo que contó el Secretario ya lo había leído en la resolución y como la pregunta no se la hizo al señor Secretario sino al señor Alcalde y es éste el que tenía que haber contestado porque además es el firmante de la resolución, es por lo que de nuevo le ruega que explique con que objeto interpone este recurso y, por otra parte, tiene que decirle al señor Secretario que en la resolución se justifica la urgencia porque el plazo finaliza el próximo día 4, no porque se vaya de vacaciones el señor Letrado de este Ayuntamiento.

Contéstalle o señor Alcalde que o obxecto de interpoñe-lo recurso é porque a declaración de incidencia supramunicipal do Plan Sogama afecta directamente a competencias estrictas do Concello de Pontevedra, polo tanto hai unha serie de cuestións que se ven afectadas, concretamente o tema de modificación do planeamento do propio Concello que implica que en asuntos e actuacións do Plan Sogama non sexa necesario pedir licencia municipal para levar adiante as obras que queira face-lo Plan, que curiosamente se descoñecen neste Concello, porque houbo un expediente que se devolveu á COTOP xa que estaba incompleto e que non volveu a remitir a este Concello, sendo esas as razóns polas que considerou imprescindible interpoñe-lo recurso e a

razón da urxencia está perfectamente xustificada, pero en todo caso noutro Pleno se tratará o tema máis profundamente.

Por último fai uso da palabra polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego don Raimundo González Carballo para aclarar que unha das resolucións é dos dous mandatos, do precedente e do actual, tendo que dicir tamén que neste momento a maquinaria municipal pode ter pequenos desaxustes na medida en que con anterioridade estas resolucións non virían a este Pleno, senón ó do mes de agosto, quérese dicir que se intenta axusta-lo máximo posible para que as resolucións sexan vistas de inmediato, despois hai uns pequenos desaxustes en canto ó funcionamento da maquinaria municipal que espera correxir para o próximo Pleno.

Remata o debate e o Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Alcaldía (Alcalde e Tenentes de Alcalde delegados de área) dende o 3 ó 20 de xullo de 1999.

C) COMPARECENCIA DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, PARA INFORMAR SOBRE A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DO "REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES E OUTROS INMOBLES DE EDIFICACIÓN FORZOSA".

Concédese a palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, na súa condición de Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, quen expón que o obxecto da súa comparecencia é para explicar cal é a decisión do grupo de goberno en relación con este tema e os pasos a seguir, xa que é un tema que ten suficiente transcendencia para o futuro inmediato da cidade pois afecta a bens e propiedades de cidadáns, polo que se estimou oportuno que era ben dar conta aquí; que é unha doctrina moi antiga, aínda que non aplicada en xeral, que cando a colectividade representada polo Concello determina a cualificación dun terreo e o convirte en edificable, o propietario ten uns enormes beneficios pola súa revalorización, pois todos saben os prezos que se están a alcanzar, pero este Concello como tódolos de máis de 20.000 habitantes e incluso os de menos que teñan aprobado Plan Xeral, están obrigados a te-lo rexistro de terreos edificables e outros inmobles de edificación forzosa, obriga que ven nin máis nin menos que do ano 1964 aínda que na práctica a maioría dos Concellos non a aplican, polo tanto á vista da situación dalgúns inmobles ruinosos, que están paralizados e que habería que rehabilitalos, pero sobre todo á vista da situación de certos terreos edificables, mesmo no corazón de Pontevedra, que están sen edificar e que crean unhas medianeiras horrendas, que dan unha imaxe de cidade inacabada e desordenada, e tamén vistos os fenómenos especulativos que se están a provocar con eses terreos edificables no casco urbano consolidado, tomouse a determinación, por providencia da Alcaldía do 8 de xullo, tres días despois da toma de posesión efectiva como goberno, de impulsa-la creación deste rexistro de terreos edificables e outros inmobles de edificación forzosa, que ó estar vencidos tódolos prazos do Plan Xeral hai que

face-lo traballo de campo e intentar recoller nese rexistro tódolos terreos edificables e as edificacións en ruina, etc., determinando os prazos, coa máxima transparencia e con tódalas garantías legais de comunicación e defensa por parte deses propietarios, polo tanto decir que está en fase de elaboración a creación do rexistro que se vai levar na vindeira o na seguinte semana á Comisión de Urbanismo e logo á aprobación da Comisión de Goberno, trámite que na actualidade é competencia da Alcaldía non porque o determinara este equipo de goberno senón porque legalmente está marcado así, precisamente ó saber que a aprobación deste tema non era competencia plenaria foi cando se decidiu esta comparecencia para que o Pleno cando menos tome coñecemento e o debata.

A seguir se le concede a palabra a don Guillermo Antonio Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, quen manifesta que en principio está de acordo coa filosofía de base do rexistro de terreos edificables e agradece que se informe e pase pola Comisión de Urbanismo a pesar de ser competencia directa da Alcaldía, pois lle preocupan as medidas posteriores que se poidan seguir dese rexistro, tanto en canto ás garantías que se tomen como tamén á audiencia que se lle dea ós afectados con respecto a este tema, que ó mellor debería ser un paso previo.

Logo intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, indicando que está totalmente de acuerdo con lo manifestado por el señor Meijón Couselo y también con que se confeccione el registro y que se hagan muchos más, entre otros el de fachadas que ya se habló estos días, pero le preocupa lo que después se pueda hacer con ese registro, siendo ahí en donde se verá si está o no de acuerdo, aunque no lo está con las manifestaciones vertidas días atrás en la prensa por creer que muchas veces el resultado pretendido es precisamente el contrario ya que no habrá un abaratamiento de las viviendas por esas medidas que se pretenden tomar por parte del Bloque, por consiguiente le pediría al señor Mosquera Lorenzo que lo piense y estudie bien para que no le pase lo mismo que con el borrador de la Ordenanza de fachadas, es decir que lo prepare bien antes de llevarlo a las Comisiones y que luego se pueda mejorar en las mismas, pero que se lo piense dos veces antes de hacerlo porque ahí caben muchas posibilidades, incluso la de poner un impuesto a esos solares no edificados lo que repercutirá directamente sobre el dueño y no sobre la carestía o no carestía de ese solar.

De novo participa o señor Mosquera Lorenzo dicindo que as dificultades que ten este tema están reguladas por lei dunha maneira moi ríxida, incluso cunha historia moi dilatada de contenciosos, pero como dixo antes isto ten que pasar pola Comisión Informativa de Urbanismo onde se debatirá; que con respecto ás finalidades e pretensións permítese le-lo seguinte

parágrafo: "A edificación forzosa conta na nosa lexislación con remotos precedentes, a doctrina cita a este respecto a lei 7, libro 3, título 19 da novísima recopilación e as clásicas ordenanzas de edificación dos concellos nas que se procurou, dentro do limitado dos seus medios cohercitivos, obligar a construir os solares", esta é unha parte histórica que podís sobrar, "a máis recente lexislación estranxeira constitúe un testimuño de importancia dos problemas da política do solo e a necesidade de mobilización deste conforme ó seu propio destino", xa que son solares que se dedican á edificación, "finalmente coa regulamentación que se propón non se trata indiscriminadamente de rechea-los cascos urbanos con suficiente densificación, porque elo quizá provocaría outros graves problemas..., porque o tráfico é un problema de planeamento e nos plans de ordenación ten que se prever, tampouco se agardan solucións máxicas de resultado sorprendente, os programas de actuación teñen que modular serenamente as etapas da edificación xa que se ten que evitar que se perpetúe con rexouba dos especuladores unha situación gravemente danosa"; que todo isto o está a ler textualmente, Regulamento de edificación forzosa, ano 1964, ou sexa que nese ano isto era máis progresista que as reticencias que por parte dalgún grupo se están a presentar neste Pleno, e a pesar de ser desa época resume moi ben o que se pretende e cales son as garantías legais, porque non se trata de expropiar a ninguén nin de socialización do chan nin nada polo estilo, senón que se trata de evitar unha situación de especulación aguda e problemas de imaxe urbana para o que pide a confianza, xa disto se falou nas negociacións cos compañeiros do PSOE para o pacto de gobernabilidade e pídelle ó Partido Popular que cando menos lle dea a posibilidade de intentar poñelo en marcha e adopta-las medidas para subsanar estes fenómenos perversos que están a suceder e que todo o mundo coñece, porque se trata de ter un instrumento flexible que permita dunha maneira moi suave e con tódalas garantías que desde o Concello se poida ter en conta as previsións de vivenda e dos terreos edificables que están a ter nestes momen tos un pico mostruoso en canto a prezos no centro de Pontevedra e poder actuar por moi suave que sexa sobre estes fenómenos negativos; que lle parece absolutamente inoportuna a referencia nestes momentos ó rexistro de terreos edificables xa que se confunde o que é unha postura absolutamente aberta de dar varias alternativas de redacción para que os grupos políticos non teñan que se pasa-lo traballo de redactalos, é dicir que se trata dun borrador que en gran parte está en vigor noutros concellos nos que non houbo ningún problema, polo tanto está demostrado que é serío, rigoroso e que funciona, polo que non é admisible cualificalo de chapuza ou poñer agora que houbo que cambiar ou que descambiar, pois eran propostas abertas xa que o grupo de goberno nunca quixo facer unha proposta ríxida a ese respecto porque ó ser algo que afecta a toda a comunida-

de quere ter en conta a opinión de todo o mundo, polo tanto que se teña en conta que é un documento que se modifica e demais, sendo neste Concello a primeira vez que unha ordenanza pase cuatro veces por unha Comisión, se dar ese trámite de participación para que se mellore, para que se recollan tódalas aportacións e se transmita ós axentes sociais, resulta que é criticable será porque entende dunha maneira moi diferente o que é o funcionamento dunha Corporación.

En quenda de réplica intervén o señor Pedrosa Fernández indicándole al señor Mosquera Lorenzo que ya dijo antes que le parecía bien el registro de solares pero lo que le preocupa es el después y por eso le pedía que lo pensase bien, no pudiendo estar en contra porque desconoce lo que va a presentar y, en cuanto a su última intervención, se imagina que se refería a la ordenanza de fachadas y no al registro de solares como afirmó, repitiéndole una vez más que la ordenanza de fachadas la llevó a dos sesiones de la Comisión en las que se corrigieron y anularon muchísimas cosas, pero ni una sóla por parte del Bloque, todas por parte del Partido Popular y también algunas por parte del Partido Socialista, teniendo que reconocer que se la leyeron bien, demostrando el señor Mosquera Lorenzo que no la había leído ni una sola vez, no siendo válida la disculpa de que la redactaron los técnicos porque los técnicos pueden hacer eso y dieciocho mil cosas más pues hay muy buenos técnicos en esta Casa, pero al final son los políticos los que tienen que leerlas, corregirlas y sacar adelante lo que realmente pretenden en este Pleno, siendo eso lo único que le achaca, aunque parece que el señor Mosquera Lorenzo está sobrecargado de trabajo pues hoy mismo ha leído en la prensa que durante quince días dejaba de recibir a los vecinos, pero seguramente va a tener muchísimo más trabajo del que pueda creer y reconozca que asistió a las dos sesiones de la Comisión sin haberse leído la ordenanza y cuando quiera está dispuesto a entregarle los dos borradores con todas las anotaciones hechas por el Partido Popular, sin que usted haya hecho ni una sóla aunque ciertamente admitió sin titubear ni una sola vez todas las que le presentó, es decir que le dió la razón en todas ellas, ojalá hubiese tenido esa colaboración y esa oposición constructiva en los cuatro años anteriores.

D) COMPARECENCIA DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, PARA INFORMAR SOBRE O REGULAMENTO DO TRÁFICO NO RECINTO HISTÓRICO DA CIDADE.

Concédese a palabra ó Tenente de Alcalde Delegado da Ärea de Urbanismo, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo quen aclara que este asunto, alomenos na forma en que está na actualidade, é unha competencia da Alcaldía xa que se non fora tería que se aprobar polo Pleno, manifestando que procurará ser breve porque xa o outro día deu conta á Comisión, pero como se van tomar unhas actuacións e os prazos veñen encima, creu que era oportuno ter esta comparecencia posto que a idea, recollendo a

posición máis actual sobre o tratamento do tránsito nos centros históricos, é intentar face-lo que se pode chamar unha peonalización branda, entendida como que as necesidades do propio centro histórico se poidan cubrir sen maiores atrancos, ou sexa que o que necesita facer un servicio o faga e non cortar drasticamente as posibilidades de acceder ou con excesivas limitacións, polo tanto se empeza nesa liña e se con a permisibilidade para face-lo servicio no centro histórico se demostra que é incompatible co uso preferentemente peonal, se correxirían as medidas posto que a idea central é que o tráfico que xenera o casco vello é asumible con certas limitacións polo propio centro histórico, polo tanto intentar que o tránsito que se xenera fora e que está a utiliza-lo centro histórico para estacionamento ou para atallar, disuadilo e derivalo dese centro histórico, sendo esa a idea central xunto coa de cortar de raíz o aparcamento en zonas prohibidas polo código, dá igual que sexa no centro histórico ou fóra, pois é moi grave estacionar un vehículo onde non hai beirarrúas ou diante da porta dunha vivenda, obrigando ós peóns a sortea-los coches, con estes dous elementos se articula esta idea e os detalles se pasan nun bando, estudiándose con bastante detalle alternativas para evitar que o tránsito de fóra do centro histórico presione ou intente usalo como complemento, por exemplo na rúa Riestra hai un atasco permanente, as veces hai moito tránsito que non é de servicio da zona senón que unha gran parte intenta estacionar en Gutiérrez Mellado e se non o acada se mete no casco histórico, porque se vai á praza de Galicia evidentemente ten Raíña Victoria para cortar, polo que se estudiaron todas esas cousas de borde e ó final a única medida complementaria que se vai aplicar de entrada, que era unha das recomendación daquel estudio de tránsito, é poñer Cobián Roffignac como dirección única de saída e Arcebispo Malvar de entrada, coa idea de gañar aparcamentos no borde para evita-lo choque de entrada de suprimi-lo estacionamento de vehículos no centro histórico que están en situación ilegal xa que están prohibidos os estacionamentos, pero na práctica sucede así; que se vai inicia-lo próximo sábado e a campaña empeza hoxe despois de dar conta ó Pleno, sendo un proceso dinámico tendente á autorregulación que, no caso de que fracasen ou haxa moitos problemas, haberá que seguir estudiando medidas complementarias de evita-la presión tanto exterior como dentro do centro histórico, que será obxecto dun seguimento continuo do que se dará conta á Comisión de Urbanismo, ó igual que se deu dista primeira idea, para chegar a unha autorregulación que sexa compatible o servicio do centro histórico coa peonalización que se pretende e que ninguén pode discutir.

A continuación intervén don Guillermo Antonio Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que en principio a idea do grupo era felicitar ó señor Fernández Lores e transmitirlle o

seu agrado pola comparecencia do señor Mosquera Lorenzo para informar da postura de dictar un bando sobre peonalización e dese modo poder debater sobre o tema porque o seu grupo pensaba, ó mellor dun modo inocente, que tal louzán non era unha cortesía cara á Corporación, que deste modo podería debate-lo tema, pero cando hoxe contempla a prensa mira que toda a cidadanía, a que escoitou a radio tamén, coñece perfectamente o contido do bando, polo que non ten moi claro se realmente ten sentido debater sobre o que xa está escrito e transmitido, porque ó parece-la filosofía é hoxe espallamos, falamos con todo o mundo, dicimos o que imos facer e mañá falamos coa Corporación, cousa que non lle gusta e que por certo non é o único caso xa que cando a ordenanza de fachadas tamén á prensa se lle transmitiu todo o primeiro borrador onde había un montón de puntos que a cidadanía viu ó mesmo tempo que os concelleiros e ademais cuns puntos que moitos deles xa están fóra da ordenanza, polo menos en principio, pero de tódalas formas non quere deixar de dici-lo que pensa sobre o bando, por non dicir mando, porque analiza-lo casco histórico non é un tema banal senón que é tremendamente complexo e o bando que se presenta non deixa de recorda-lo bando que fixera o Alcalde Rivas Fontán no seu día, polo menos nalgunhas formas do mesmo, e señores Fernández Lores e Mosquera Lorenzo o que non se fixo en vinte anos non é preciso facelo en vinte días, pois esta Corporación ten crédito suficiente como para toma-las cousas con sosego e con calma porque o consenso desta Cámara, onde non teñen maioría suficiente e aínda que a tiveran, cos cidadáns de Pontevedra coida que é fundamental para que este barco que a todos interesa que chegue a bo porto, basearse neste bando que considera cativo non facilite este consenso xa que, o seu modo de ver, o que se ten que consensuar primeiramente é todo un plan integral para o casco histórico, un marco que sirva de referencia a cantas medidas se pensen tomar e os cidadáns votan de menos ese plan integral, porque o señor Mosquera Lorenzo mantivo hai pouco reunións cos veciños do casco vello e se mira a prensa de onte ve que unha das asociacións dese casco vello reclama claramente cal é ese marco xeral onde se van a segui-las medidas, así falan que desexan coñece-lo proxecto de ordenación do tráfico, pretenden sabe-las medidas para recuperación da calidade de vida, as ideas para rehabilitar e revitaliza-lo casco e pretenden sabe-lo marco completo, polo tanto cre que a táctica está equivocada xa que non se trata de ir lanzando pequenas medidas e logo face-lo cadro global, senón que é mesmamente ó revés, primeiro se consesua un plan integral e posteriormente vaiase aplicando as medidas a paseniño para pouco a pouco ter todo o cadro rematado, por suposto que hai que ter en conta o que digan os veciños, pero cando fala do consenso dos veciños de Pontevedra non está a falar unicamente dos veciños do casco vello porque Pontevedra non está organizada nun reino de taifas senón que é un todo harmónico e

esta Corporación ten que procurar que así sexa e o feito de que algún resida neste momento no casco vello non deixa de ser un tema temporal, que mañá pode residir noutro lado, pero á parte diso, as medidas que se tomen no casco vello van afectar tamén ós cidadáns de Pontevedra que non se asentan no casco vello, polo tanto ese consenso ten que ser moito máis global, aínda que esta Corporación teña que ser especialmente sensible coas asociacións que pertencen e se circunscriben ó casco histórico, cando planifique para ese casco histórico; que para rematar, señores Mosquera Lorenzo e Fernández Lores, gostaríalle recordarlles un proverbio que citaba o emperador Augusto e que dicía "festina lente", que en lingua de Castelao e de Bóveda sería algo así como "vai lixeiro, a modo".

De seguido don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, di que la peatonalización de la zona monumental es algo que pretenden todos los grupos desde hace mucho años y que no se ha logrado porque hubo siempre grandes reticencias por parte de las asociaciones y de los comerciantes que ponían plazos y decían que el momento sería una vez que estuviese el aparcamiento de Barcelos, pero después de estar el aparcamiento de Barcelos piden otro más cercano, pero se alegra si esas reticencias nos las hay ahora aunque ya parece que una de las asociaciones vuelve a tenerlas ya o al menos no lo tiene tan claro por lo que, un poco con lo que decía el señor Meijón Couselo, vísteme despacio que tengo prisa, tenga cuidado señor Mosquera Lorenzo con lo que le repite el consejo que le dió en su anterior comparecencia, porque a su grupo municipal le preocupa que va a comenzar ésto el día 7, es decir la víspera de la Peregrina, que puede originar un gran caos en la ciudad por lo que no sabe si la fecha es la correcta, pero en todo caso simplemente da ese consejo, piénselo bien y vaya despacio si tiene prisa.

Contéstalle o señor Mosquera Lorenzo que é mellor non reitera-lo que dixo na Comisión porque sería alonga-lo asunto moito, pero o estacionamento máis grave que se pode dar, que é unha invasión tremenda sobre o espacio urbano, é nos lugares en que non hai beirarrúas, nos que unha persoa en cadeira de rodas, grupo de persoas ou unha soa persoa ten que andar a sortea-los coches e máis onde se tapa a entrada dunha vivenda, polo que este grupo de goberno non vai a aceptar que se demore esa medida demasiado tempo, mentres que noutras zonas da cidade en que sucede o mesmo, como por exemplo nas rúas Nova de Arriba e de Abaixo, vaise actuar co tempo que sexa necesario porque tampouco van arranxar todo nun mes, nin en dous, nin en tres, pero a medida central vaise aplicar de inmediato e non é discutible nin negociable porque é unha determinación deste grupo de goberno que se vai levar a cabo como sexa por ser de lei e un dereito das persoas, polo que partindo destas premisas que non son negociables pero se pode negociar se se aplica, aínda que tampouco é negociable oficialmente, pero se po-

día tolera-lo incumprimento durante unha tempada ou non, sendo evidente que non se podía falar con cada grupo nin chegar a un acordo nun tema tan complexo, tendo que recoñecer que quedou gratamente sorprendido cando se chegou a acordo nesa reunión e nas variantes que despois se expuxeron, porque sería un pouco absurdo acorda-las medidas e despois enlentecer e chegar a un choque que ía a ser un problema bastante maior; que, con respecto á preocupación que se ten polas filtracións, esta Corporación ten un compromiso de transparecia informativa, pero cando suceda pide perdón xa que haberá que ir axustando pois é certo que se está a crear algunha disfunción, pero o que se está a analizar, incluso en fase de borrador ou que se está a tramitar neste Concello, sempre e cando non teña decisións de calado ou que estén pendentes, cre que a cidadanía ten dereito a ter esa información a través dos medios de comunicación, polo menos ese é o seu compromiso, porque se alguén le a prensa con calma se pode dar conta que ten habido certas contradicións en actuacións do grupo de goberno, porque se se informa que un día se está a facer un tema ou se está a valorar unha opción, pero analizado mellor ó cabo duns días igual resulta preferente a outra opción, e non doen prendas dicir que en certo momento prefire unha opción e noutros outras, porque se está cunha transparencia informativa que lle parece absolutamente necesaria, como se está neste Pleno a debater temas que noutras épocas non se debaterían, aínda que se está a crear disfuncións e aquí se refire ós compañeiros do grupo socialista ós que dá en público tódalas disculpas oficial e formalmente, pero se se queren aplica-los bandos e facer toda a campaña informativa que vai haber, se se quere empezar cunha semana de antelación non hai máis remedio que publicala pois estaba feita e o que está feito normalmente se publica porque ademais xa deu conta na Comisión; que, en canto ás declaracións que saíron na prensa da Asociación Cidade Vella, todo o que pode dicir é que ten o escrito enriba da mesa e xa intentou contacta-lo mesmo día con eles, pero o escrito o único que reflexa é unha demanda de información, preocupación lóxica e saudable xa que nesa reunión houbo certos compromisos de impulsar outros temas, sen que en ningún momento manifeste ningunha oposición ás medidas que se acordaron; que, polo que respecta á elaboración dun plano global ou que hai que ir despacio e demais, neste tema non é que se vaia despacio é que debe ser practicamente o único do Estado que está sen facer nada, xa que se fixo un plan de tráfico, está o Urban en marcha, etc., pero sempre hai algunha disculpa para non aplicar, polo que ten que repetir que o grupo de goberno non tiña intención de acelerar este tema nin de frenalo, simplemente se puxo enriba da mesa nun momento en que esto está como está, é dicir que non se fixo nada en moitísimos anos e, nun momento en que non houbo ningunha voz discrepante, se aceptan na xuntanza coas asociacións, pero a pena en todo caso foi non poder aplicalo por es-

te mesmo procedemento hai un mes ou dos meses, co cal un ano xacobeo no que afortunadamente cruzan pola nosa cidade moitas persoas, non puideran estar estas medidas en marcha, pero pasou un tempo tremendo de intentar move-la maquinaria municipal que está bastante desorganizada e de valorar se as medidas que se están a facer levan o ritmo adecuado, xa que de feito hai cuestións pendentes, incluso onte na Comisión se falaba da ordenanza de ruidos, pero non se pode pretender sacala antes do verán porque é moi complexa e sería precipitado e absurdo, aínda que se están a valorar continuamente cales poder sair e cales non, ou se se vai máis a modo ou menos, pode ser que se engane pero de tódalas maneiras cre que as medidas estas de peonalización había que inicialas e que, como dixo antes e volve outra vez a reiterar, vai ser un proceso flexible e dinámico, ou sexa que se dentro de quince días, dun mes ou de dous se detectan problemas de efectos indesexables, está absolutamente aberto para modifica-lo que sexa necesario pois, como se darían conta tódolos membros da Corporación e todo o público, non hai ningunha medida irreversible, como xa díxo ó principio non se fai vía ordenanza porque é unha cousa ríxida que levaría moito tempo facer ou cambiar, faise dunha maneira moito más áxil para que se poidan axusta-las medidas para que os problemas sexan mínimos.

De novo intervén o señor Meijón Couselo dicindo que sería unha descortesía plena non acepta-las disculpas do señor Mosquera Lorenzo, especialmente cando a penas lévase un mes de amigamento, polo tanto agradece esas disculpas pero insiste que o tema sobre a peonalización cre que se leva dun xeito equivocado, xa que segue a pensar que é un tema moi complexo que ademais está no programa dos partidos políticos, polo tanto non sería demasiado difícil nin levaría tanto tempo poñerse a acorda-las grandes liñas do marco e sobre elas tiña que ser despois a información ós veciños, tendo que insistir que é un sistema equivocado, que polo que respecta ás filtracións, que non as chamaría filtracións pois filtración é algo que se fai soterradamente, polo tanto son informacións claras, e aínda que non ten ningún reparo en que se informe de tódolo que sexa necesario, de entrada no propio pacto de gobernabilidade e nas conversas que o seu Partido mantivo co BNG estábase absolutamente de acordo coa luz e taquígrafos, pero unha cousa é dicir que o que se vai facer é o borrador, como practicamente se dí na prensa, como no tema das fachadas porque o bando xa sae completo, e outra cousa é dicir que se está a estudiar algo no que existen unha serie de medidas que poden ir ou non, polo tanto se se dá información deste xeito cre que é unha información equivocada, que se presta a que se equivoque o cidadán, porque na información que saiu sobre a ordenanza de fachadas se dicía claramente que se ían a esixir puntos concretos que hoxe en día no están na ordenanza, polo tanto unha cousa é dicir que se van a estudiar e outra que xa está listo.

E) MOCIÓNS URXENTES.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda dispoñe-la súa inclusión na orde do día para debate e votación:

1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN COAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE BEIRARRÚAS NO CASCO URBANO DE PONTEVEDRA.

Concédese a palabra o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández quen dá lectura á moción que di:

El Grupo Municipal del Partido Popular y, en su nombre, el portavoz que suscribe, Juan Luis Pedrosa Fernández, presenta la siguiente moción de urgencia referente a la continuación de las obras del Plan de Ensanchamiento de Aceras en el Casco Urbano de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- En febrero de 1999 dieron comienzo las obras de la primera fase del Plan de ensanchamiento de aceras en el Casco Urbano de Pontevedra afectando, entre otras, a las calles Benito Corbal, Michelena, Marquesa, Pereg rina y Plaza de la Peregrina.

2.- Dado que el proyecto de la segunda fase de este Plan global de Ensanchamiento de Aceras en el Casco Urbano de la Ciudad está aprobado por la Corporación anterior, y cuenta con la dotación presupuestaria correspondiente, el Grupo Municipal del Partido Popular no encuentra razones fundadas para impedir que las obras den comienzo inmediatamente.

3.- Constatada la aprobación por parte de una inmensa mayoría de la ciudadanía de las obras de la primera fase próximas a concluir, el Grupo Municipal del Partido Popular no entiende el empecinamiento del Gobierno en boicotear este proyecto cuyos beneficiarios serán los ciudadanos y los comerciantes de las calles que se verán remodeladas por esta Segunda fase.

4.- El hecho de que el Gobierno plantee la construcción de un nuevo estacionamiento subterráneo en el calle General Gutiérrez Mellado no es excusa para llevar a cabo una "paralización sine die" de las citadas obras, ya que podrían comenzar por cualquier otra calle de las contempladas en el proyecto, como la calle Joaquín Costa aprovechando que el tránsito escolar no se vería perjudicado con motivo del período vacacional que disfruta en estas fechas y hasta septiembre que ya podría rematar la actuación en la citada calle.

5.- El Grupo Municipal del Partido Popular considera que el hecho de encontrarse la calle Joaquín Costa recién asfaltada no debe impedir que se lleven a cabo las citadas obras y, en cualquier caso, el gobierno pudo posponer la citada pavimentación en previsión de la ejecución del Plan de Ensanche de Aceras para su asfaltado una vez concluida la citada obra.

6.- Como quiera que estas obras tienen demostrada la mejora en la calidad de vida de los ciudadanos y del propio comercio, pilar fundamental de la economía de nuestro municipio, tanto en ciudades como Pontevedra y en las más modernas urbes españolas y europeas.

Por todo lo expuesto, el Pleno del Ayuntamiento acuerda aprobar la siguiente

MOCIÓN:

Que las obras de la Segunda Fase del Plan de Ensanchamiento de Aceras en el Casco Urbano de Pontevedra comiencen de inmediato, para así mejorar la calidad de vida de los ciudadanos y las expectativas del comercio, aún a sabiendas de que cualquier obra conlleva molestias para los vecinos afectados pero, a medio plazo, se ven ampliamente recompensadas.

De seguido intervén don Roberto Jesús Taboada Rivadulla, portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que el grupo municipal socialista por cortesía y por tradición continuará apoyando la urgencia de todas las mociones que se presenten por esa vía a este Pleno, como ha hecho siempre en esta etapa democrática; que, por lo que respecta a la moción, hace una reflexión previa en el sentido de que está a favor del plan de aceras y de acuerdo con la filosofía general de que la calidad de vida de los ciudadanos también se mejora con actuaciones que inducen a cortar el tráfico en el centro urbano, a permitir el paseo, a la amplitud del tránsito peatonal y a facilitar lo que es la actividad comercial, pero no es menos cierto que este plan de aceras, por lo menos en esta primera fase, estuvo lleno de errores, de retrasos, de defectos, de volardos bastante cuestionados, de lo parecen jardineras bastante espantosas o de materiales que se deterioran, por no hablar de cuestiones que se fueron haciendo y deshaciendo y que todos los ciudadanos conocen de cómo se ha llevado toda esta primera fase, por no hablar tampoco de los desfases económicos, por lo tanto a la vista de como se ha realizado esta primera fase no sería malo que para la segunda se produjera un debate más detenido de como se va a llevar, porque es evidente que se ha cambiado, en lo que va de una primera fase de aceras a una segunda, a un gobierno distinto, por lo que es necesario conocer que actuaciones pueden chocar o ser incompatibles con algunas previsiones que pueda tener el nuevo gobierno con respecto a este plan de aceras o a su segunda fase, analizando también el tema de las prioridades económicas y de las disponibilidades presupuestarias que hay y, en ese sentido, incluso viendo las cláusulas que puede haber en estas cuestiones, por lo tanto le hubiese gustado que esta moción que presenta el Partido Popular hubiera llevado un trámite normal, que se hubiese podido debatir o analizar con cierto sosiego, con cierta racionalidad en una Comisión informativa y entre las posiciones del gobierno y las del Partido Popular poder arrojar una luz sobre esta cuestión, entendiendo

que también ésto tiene mucho de decisión política por parte del equipo de gobierno, en todo caso respetable, y en consecuencia el grupo municipal socialista se va a abstener en esta moción.

Fai uso da palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, na súa condición de Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, manifestando que, como dixo o portavoz do Partido Socialista, isto estea tratándose aquí é unha demostración do novo talante que hai nesta Corporación, pero non só por acepta-la urxencia sen votala, senón porque este tema nunca veu ó Pleno pois tódalas actuacións do plan de aceras nunca viñeron ó Pleno nin tan sequera deuse conta nin en Comisión, pero agora o señor Pedrosa Fernández sorprende introducindo neste Pleno unha cuestión máis ou menos técnica que se vai tratar porque ten un talante absolutamente distinto e á parte non ten ningún medo a debater tódolo que faga falta, porque cando se propoñen cousas se fan con razoamentos, máis ou menos acertados, pero sempre con suficiente debate, estudio e información como para ter unha base fundada; que na moción o Partido Popular pide que comecen de inmediato as obras da segunda fase do plan de aceras para así mellora-la calidade de vida dos cidadáns e as expectativas do comercio, resultando absolutamente sorprendente que no centro histórico se lle diga que vai moi ás presas cando é moito máis urxente facer esa posibilidade de andar con comodidade polo casco histórido, poder comprar e poder facelo cunha calidade de vida máis elevada, quitando os coches onde están a estorbar tremendamente, sen custar nin un peso máis que o que custe a campaña de sensibilización, e agora se meta moitísima presa para facer unha obra que supón moitos cartos e que polo tanto se pode estudiar con máis calma, porque cos cartos dos cidadáns hai que ser extraordinariamente prudentes; que hai dúas cuestións de fondo que levaron a tomar esta decisión que non sabe se deu conta o señor Pedrosa Fernández anque é evidente que cando o BNG entrou aquí tomou como norma intentar non modificar nin suspender ningunha das actuacións que tiña en marcha o anterior goberno municipal, incluso esta mesma segunda fase intentouse levala adiante dunha maneira racional como estaba adxudicada para non frenar nada, criterio que se intentou manter en todo salvo nalgunhas cuestións que a realidade, a práctica e os datos que hai enriba da mesa o poñen nunha situación imposible, tanto cara á cidadanía como ó funcionamento deste Concello, porque esta segunda fase do plan de aceras afecta a Gutiérrez Mellado, Fray Juan de Navarrete, Joaquín Costa, Peregrina e Augusto González Besada y con respecto a Gutiérrez Mellado non quere entrar en modificados á vista da experiencia da primeira fase que de 120 millóns se foi a 210, de modificados son 110, más da metada vai en ampliacións ou modificados, polo que con esa experiencia empezar con modificados ía levar a que fora previsible que os 275 millóns se foran a moitísimo máis, cando é máis prioritario o

aparcamento de Gutiérrez Mellado, pode da-lo dato ás once menos cuarto da mañá que había 212 solicitudes que pedían 287 prazas, ou sexa que se desbordou con amplitude o dobre da previsión inicial da capacidade, que se resolverá como sexa xa que crea un problema; que, en canto á rúa Fray Juan de Navarrete, non é tan fácil e por iso se está a estudiar con calma, estando tamén afectada polo plan de aceras e o di con toda franqueza, porque hai incluso recortes de prensa xa, que o que levou a frenalo foi que Joaquín Costa, que se acaba de asfaltar e pintar respectando as decisións xa que estaba adxudicado, agora poñerse a levanta-lo pavimento é bastante difícil de explicar, polo que se se xunta isto coas cifras que non son definitivas, por desgracia se topa un coa seguinte previsión, a primeira fase do plan de aceras se desbordou en 90 millóns, que está segunda fase se seguira pola mesma proporción facilmente pasaba dos 100 millóns de exceso; que no mercado as previsións se se vai á variante máis elevada que cumpre o prego en tódalas súas condicións, é fácil que se fora 250 millóns, de feito xa o mercado provisional está sobrepasado; o pabellón de Salcedo necesita un complemento que se estima en 30 millóns; que a urbanización de Conde de Bugallal estímase que se vai elevar 17 ou 20 millóns máis para o seu remate; que á segunda fase do edificio do Pitillo hai que meterlle os millóns que sexan pero dende logo unha cifra substanciosa, pois se topa con que para o ano que ven esta Corporación tería que pedir, se se conta a débeda do guindastre e algúns descubertos máis, sobre 1000 millóns, que é o crédito máximo que se pediu nunca aquí, única e exclusivamente para paga-los excesos de obra ou as cousas pendentes que hai na actualidade, esa é a crúa realidade, polo tanto posto nesta situación o equipo de goberno, incluso con dor de corazón pois a decisión previa que se tiña tomada era ó contrario e así se traduceu nos medios de comunicación, entendeu que era moito mellor facer actuacións urxentes e máis baratas en sitios que realmente se necesiten, reorganizando os cartos deste Concello, as medidas económicas e as obras que se poidan facer e deixa-la cuestión en suspenso, porque isto pode ir facilmente ó final a 300 millóns, por iso tomou a medida de dicirlle ás empresas que poden ter adxudicadas certas obras que as fagan, pero de exceso de obra nada de nada, porque non se pode permitir que o anterior grupo de goberno que executou cinco presupostos, tamén execute o sexto e o sétimo, porque non se poida facer nada máis que pedir créditos para paga-los excesos das obras anteriores, polo tanto hai unha decisión de racionalidade en canto a que había que deixar en suspenso Gutiérrez Mellado, posiblemente Fray Juan de Navarrete e, en canto a levantar Joaquín Costa que está recién asfaltada e pintada, hai unha decisión política-económica de fondo que calquera persoa con catro dedos de fronte entende absolutamente de sobra, por iso tomouse esa decisión política que está sen efectivizar xurídicamente, sendo esa a situación

na que se topa porque, señor Pedrosa Fernández, se se tivo que tomar esta decisión foi con moita pena pola súa parte, porque de ningunha maneira queria andar a modificar pois son exquisitamente demócratas e o que está decidido por unha Corporación maioritaria, anque no pareza tal, se os cidadáns votaron esa Corporación e decidiu iso o grupo de goberno, intenta respectarlo, porque por exemplo na primeira Comisión de Patrimonio cando practicamente tódolos membros dixeron que se tiñan que levanta-los volardos, as varandas, dixo que non pidan que se fagan actuacións no sensode desface-lo que está feito, pero isto non está feito e polo tanto cre que é unha decisión absolutamente acertada, aínda que no seu momento cara ó presuposto do ano que ven ou cos remanentes desta obra, que non existen, intentarase acometer outras medidas urxentes pero con máis calmiña, que aquí cre que se está a xogar cos cartos dos cidadáns e non se poden tirar unhas duceas de millóns para levantar ou para tapar, pois estáse a falar de cartos e non de medidas de bando como o anterior, polo tanto esa é a posición do equipo de goberno porque levou moitas horas de recoller datos e de saber como estaba para toma-la decisión.

En quenda de réplica intervén o señor Pedrosa Fernández indicando que el señor Mosquera Lorenzo habló de muchas cosas y lo de no variar las adjudicaciones de gobiernos anteriores hasta ahora era una práctica habitual en todos los relevos de gobierno, diciendo hasta ahora porque por lo que se ve para el Bloque no es una práctica habitual, pudiéndose entender que un nuevo gobierno varíe decisiones del anterior en cuestiones que no estén ya tan avanzadas como ésta, pero lo que es más grave y no parece nada ético es paralizar una obra y hacerle renunciar al empresario a una obra que tiene legalmente adjudicada, aunque el empresario, como buen empresario, renuncie de motu propio, lo que va a generar inseguridad en los empresarios y a partir de ahora sabrán los empresarios que hay que tener mucho cuidado con las adjudicaciones en Pontevedra porque se pueden adjudicar pero luego no dejarlas ejecutar, lo que parece una total y absoluta falta de rigor; que el señor Mosquera Lorenzo mezcla muchísimas cosas, habla de que en ésto se le mete prisa y hace un momento se le pedía que fuese despacio, pero lo cierto es que en ésto no hay ninguna prisa como lo demuestra que se trata de un proyecto redactado en el año 1998, incluído en el presupuesto de 1999 y la obra está adjudicada desde hace más de dos meses, por lo tanto no ve por ninguna parte la prisa pues lleva más de un año el proyecto dando vueltas y todos los pasos que tiene que dar, habiendo dicho también el señor Mosquera Lorenzo que no vino a Pleno y si no vino es porque no es de su competencia, pero siguió la vía normal que marca la ley en este Ayuntamiento, como también se adjudicó conforme a ley y siguiendo todos los trámites, con una mesa de contratación en la que seguramente estaba alguno de sus compañeros de grupo, puesto que nunca tuvo inconveniente en que estuviesen

representantes de los otros grupos políticos, tratándose de un proyecto que pudieron revisar como Concejales de este Ayuntamiento durante más de un año e incluso hasta hacerle fotocopias, habiendo también mencionado que hay muchas solicitudes para las plazas de Gutiérrez Mellado lo que no le sorprende teniendo en cuenta el precio inicial que dieron, pero le gustará saber las solicitudes finales una vez que realmente esté ese proyecto y se sepa cuanto realmente costará cada plaza de aparcamiento, ya que hace al menos tres años que tenía hecho ese cálculo y era totalmente inviable, pasarán de los tres millones de pesetas cada una de las plazas en Gutiérrez Mellado y entonces verá como la demanda baja sustancialmente; que, por otra parte, el señor Mosquera Lorenzo habló de que van a tener que pedir más de 1.000 millones para obras ya comenzadas o hechas, lo que es totalmente falso puesto, aún cuando es evidente que las obras tienen un proyecto y un presupuesto y si al final hay cosas a mayores tiene que autorizarlas el director de obra que es el que previa consulta al grupo de gobierno aprovecha para cambiar ésta o aquella otra tubería, o meter este nuevo servicio, teniendo también que decirle que busque los remanentes y que para ello traiga a auténticos expertos en cuestiones económicas, porque hay muchos remanentes en este Concello pero otra cosa es que el puño férreo del señor Interventor se los esconda, eso es algo que ya aprenderán con el tiempo, ya que tiene un señor Interventor que cuida el dinero como si realmente fuese suyo y evidentemente los remanentes no se los va a presentar por lo que tendrá que buscarlos y localizarlos, esa es la labor de gobierno y es la que tiene que hacer, pero con independencia de que los ciudadanos pontevedreses que ya sabían de un proyecto de ensanche de aceras, que están disfrutando de la primera fase porque el éxito ha sido rotundo, ahora se verán privados de lo que ya estaba adjudicado, porque lo más grave de todo es el forzar a una empresa a renunciar de motu propio, lo cual creará y generará una inseguridad en las empresas y más concretamente en este caso que es la primera empresa pontevedresa que consigue nada menos que la certificación ISO 9002.

De novo intervén o señor Taboada Rivadulla dicindo que, en primer lugar, desconoce las razones por las que el señor Interventor no está presente en esta sesión, pero de cualquier manera le parece muy grave que se haya lanzado aquí una frase como que el férreo puño del señor Interventor esconde los remanentes, no sabiendo si se trata de una acusación velada o no, pero le deja estupefacto porque la pronunció el anterior Alcalde que fue durante los últimos cuatro años responsable de la política municipal, suponiendo que si estuviese el señor Interventor quizás le daba un yuyu; que en todo caso puede estar de acuerdo con las afirmaciones o valoraciones que acaba el señor Mosquera Lorenzo de hacer para justificar la renuncia o por lo menos la suspensión de la segunda fase del plan de

aceras, sobre todo teniendo en cuenta esos desbordamientos que hay de 90 millones en la primera fase y los previsibles 100 millones de la segunda y, cuando habla incluso de reorganizar el Presupuesto, entiende también las prioridades que puede haber con respecto a otro tipo de actuaciones, como el tema del pabellón de Salcedo, edificio Pitillo o Conde de Bugallal, pudiendo incluso estar de acuerdo y probablemente en caso de tener la gobernabilidad o estar en el gobierno del Ayuntamiento podría estar incluso haciendo una actuación parecida, pero todo esto ofrece dudas cuando dice que no sabe como esta paralización se va a efectivizar jurídicamente con la empresa, y cuando afirma esta cuestión abunda más en su reafirmación de abstenerse, porque estas cuestiones debían estar previstas o cuando menos habladas porque, efectivizar jurídicamente con la empresa a posteriori de una decisión, puede ser complicado o difícil, pero en todo cado es un dato que no tenía y que le parece muy importante conocerlo, porque no se sabe si en caso de paralización existenten cláusulas de penalización con respecto a la segunda fase ni se saben las consecuencias que en definitiva puede tener esta paralización, por lo tanto insiste en que puede entender las razones, sobre todo políticas, porque aquí también se está haciendo política y como responsable político puede entender las razones políticas de esta paralización, pero no tiene garantías de las consecuencias que pueda tener esta paralización sobre todo cuando, por parte del equipo de gobierno y del Teniente de Alcalde responsable del área, se habla del desconocimiento de la efectividad jurídica que puede tener esta medida, por lo tanto insistir en que se va a abstener.

Volve a facer uso da palabra o señor Mosquera Lorenzo sinalando que, con respecto ó fondo da cuestión, as obras son as que son e non vainas reiterar e, en canto ó panorama económico, terá solución nos orzamentos do ano que ven que está completamente convencido que van negociar co grupo socialista, pero o problema é que non habería nada que negociar senón se pega agora un corte drástico ós excesos nas obras, alomenos dee ir ós 3.000 millóns de crédito ou algo parecido se o pasa a Xunta con todos eses trámites; que, con respecto a eses remanentes, señor Pedrosa, ogallá os houbera porque non se preocupe que se aplicarían correctamente, non para levantar, tapar e asfaltar un día, para outro día tapar de novo ou tratar unha praza e levantala, porque o único que desexa é que teña razón e que na realidade existan eses remanentes; que, en relación coa empresa, vaise permitir non dicir nada neste Pleno xa que se trata de negociacións privadas de momento cunha persoa, pero se dirá en canto haxa unha decisión firme porque é unha cousa pública e se como grupo de goberno e como axentes públicos, ou sexa cargos electos, está tomando unha decisión, non lle preocupa nada transmitirlla á prensa, como se quince días despois ten que rectificala, aínda que para despexar preocupa-

cións non vai haber ningún problema pois a fórmula xurídica final vai ser de mutuo acordo polo que non haberá esa cláusula de penalización nin nada que se lle pareza, pero permítaselle que non explique o que son conversacións privadas, levadas directamente en primeira instancia por quen fala e, en segunda, polo señor Alcalde.

Por alusións intervén o señor Pedrosa Fernández dicindo que, como no le gustó la intervención del señor Taboada Rivadulla dando a entender de que en su anterior intervención descalificó al señor Interventor, desea que quede muy claro que en este Pleno en ningún momento trató mal al señor Interventor y aunque estuviese presente hubiese dicho exactamente lo mismo ya que además lo dice en sentido muy cariñoso, pues no duda de su gran profesionalidad aunque como buen Interventor guarda los dineros como si fuesen suyos, de ahí lo de su puño férreo, porque no informa al equipo de gobierno de los remanente y los guarda para cubrir luego bien los gastos y para cubrirse bien de todo lo que pueda pasar, por lo tanto que quede en ese sentido pus no va en ningún otro y se lo dice al señor Interventor exactamente igual que se lo lleva diciendo cuatro años, lo que le digo al señor Mosquera y al señor Alcalde actual ya que es algo que aprenderan enseguida puesto que gobernando con un Interventor al lado se aprenden enseguida todas esas cosas; que, en cuanto a la negociación privada, es lógico que el señor Mosquera no informe de nada en absoluto, pero ya le dice ahora que el resultado final de esa negociación privada será que la empresa renuncia de motu propio.

Concédese a palabra ó señor Taboada Rivadulla quen manifesta que hay cariños que matan y éste puede ser un cariño mortal, porque en su primera intervención el señor Pedrosa Fernández no dijo que el señor Interventor guarda sino que esconde, lo cual se puede comprobar porque está gravado.

Rematado o debate sométese a votación a moción, votando en contra os dez Concelleiros do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, absténdose os cinco Concelleiros do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e facendoo a favor o dez Concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, polo que ó producirse empate efectúase unha nova votación e ó persisti-lo empate decide o voto de calidade do Alcalde-Presidente, polo tanto o Pleno da Corporación, por maioría, acorda rexeita-la moción.

Auséntase da sesión don Celestino Lores Rosal.

2.- MOCIÓN SOBRE O RECOÑECIMENTO INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA Á FIGURA DE ALEXANDRE BÓVEDA IGLESIAS.

Dáse conta de moción presentada por don Luciano Santiago Esperón, concelleiro do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e don Luis Bará Torres, concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego que di:

1. No ano 1946, a colectividade galega de Arxentina instituiu a data do 17 de agosto, día da morte de Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires de Galiza. Con esta celebración pretendia-se simbolizar na figura de Alexandre Bóveda a todos os galegos e galegas que morreron por defender os ideais democráticos y de progreso para a sua terra.

2. Na súa traxectoria vital, Alexandre Bóveda tivo unha vinculación intensa co Concello de Pontevedra, no que exerceu como Xefe de Contabilidade da Delegación Provincial de Facenda entre 1927 e 1936.

Ao longo destes anos integrou-se plenamente na vida da cidade, na que casou en 1930 con Amalia Alvarez Gallego e na que naceron os seus fillos. Xunto con Castelao, Iglesias Vilarelle, Losada Diéguez, Alvaro Gil Varela e outros destacados galeguistas coloborou en diversas iniciativas sociais, culturais e políticas. Entre elas cumpre destacar a Coral Polifónica, na que ingresa en 1928 participando nun total de 35 actuacións en cidades de Galiza e Portugal e en Madrid.

Chamado por Daniel de la Sota, entón presidente da Deputación, Bóveda encárgase entre agosto de 1928 e febreiro de 1930 da sección de Facenda da institución provincial, coa encomenda de levar a cabo unha profunda reforma do sistema impositivo. Froito desta etapa é tamén a criación da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, que se constitue en xaneiro de 1930 con Daniel de la Sota como presidente do consello de administración e Bóveda como primeiro director aos 26 anos de idade.

A partir de 1930 Alexandre Bóveda desenvolveu unha intensa actividade política, cuxos frutos máis sobranceiros foron a fundación en Pontevedra, no ano 1931, do Partido Galeguista, e a aprobación en referendo do Estatuto de Autonomía de Galiza, en cuxo proceso de elaboración e aprobación xogou un papel decisivo.

3. Ao longo dos cinco anos de militáncia no Partido Galeguista, Alexandre Bóveda puxo sempre o interese supremo de Galiza por diante de intereses persoais e partidistas. Por este motivo, o seu nome debe ser recordado como símbolo de xenerosidade e da tolerância, e a sua memória preservada como exemplo sobre o que construir un futuro de progreso e convivéncia pacífica no que teñan cabida todos os galegos e galegas.

4. A condea a morte e posterior execución sumaria de Alexandre Bóveda supoñen unha inxustiza histórica que debe ser reparada mediante a recuperación e reabilitación institucional da sua figura de home bo e xeneroso, e através do recoñecimento público da sua integridade e do seu inquebrantábel amor a Galiza. Este recoñecemento adquire unha especial significación polo feito de Bóveda representar simbólicamente a todos os homes e mulleres de Galiza que foron executados sumariamente e asasinados por defenderen os ideais democráticos.

5. Nos últimos anos produciron-se varios acordos institu-

cionais que tiñan como obxectivo o recoñecimento da figura humana e política de Alexandre Bóveda. Cumpre salientar neste sentido a homenaxe institucional do Concello de Poio (no que viviu a família Bóveda) no ano 96 e a declaración, tamén en 1996, de fillo predilecto da provincia de Ourense acordada por unanimidade por parte da Deputación de Ourense.

Por outra parte, diversos colectivos cidadáns, entre os que sobrancea o labor realizado pola Fundación Alexandre Bóveda, veñen reclamando o recoñecimiento institucional e a declaración de fillo adoptivo de Pontevedra para Alexandre Bóveda.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación acorda aprobar a seguinte

MOCIÓN URXENTE:

1. Recuperar a figura humana e política de Alexandre Bóveda mediante o recoñecimiento institucional da sua integridade, do seu espírito dialogante, e do seu extraordinario traballo a favor da liberdade, da convivéncia democrática e do progreso de Galiza.

2. Iniciar os trámites para o nomeamento de Alexandre Bóveda Iglésias como fillo adoptivo de Pontevedra e para a concesión da Medalla de Ouro do Concello de Pontevedra.

3. Celebración dun acto institucional de homenaxe a Alexandre Bóveda o próximo 17 de agosto.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Luciano Eusebio Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, quen manifesta que a moción conxunta que presenta os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia é sobre o papel e os actos que se propoñen para a rehabilitación dunha figura que considera importante dentro do campo do galeguismo y dentro da actuación da nosa cidade, trátase de homenaxea-la figura de Alexandre Bóveda e o caso que veña neste Pleno pola vía de urxencia é que o pasamento de Bóveda está aí e foi o día 17 de agosto e este é o Pleno previo a que se remore esa data, porque o Partido Socialista de Galicia asume os términos da galeguidade e está a prol de rehabilita-las figuras que por circunstancias pasadas puideron quedar en entredito e está porque se rehabilite de forma adecuada, entendendo que rehabilitar de forma adecuada a figura de Bóveda é a proposta que se fai nesta moción, que é nomealo Fillo Adoptivo de Pontevedra e que se encomence cos trámites da nomeación de Fillo Adoptivo e da proposición da entrega da Medalla de Ouro desta cidade a título póstumo; que estivo repasando porque non é unha moción nova nin tampouco é novo o posicionamento do grupo municipal socialista ó longo do tempo, xa que os socialistas de Pontevedra sempre estiveron para que a figura dese exconcidadá fose rehabilitada, polo que nunca entenderon e non compartiron os argumentos que ó longo de Plenos pasados, con carácter case anual, foron esgrimidos polo Partido Popular, porque non se trata baixo ningún concepto de reavivar, nin de agudizar nin

de expoñer vellas polémicas, non se trata de facer unha lembranza revisionista da historia que mire ó pasado, pois creque sería de pouco agradecemento social e cidadán, de pouco agradecemento público non recoñece-lo labor, o traballo e a entrega de persoas que foron moi significativas para conquerir logros dos que todos disfrutamos hoxe e eses logros son o Estatuto de Autonomía, a Coral Polifónica de Pontevedra e unha vida exemplarizante, polo tanto non se trata de facer unha visión revisionista da historia senón estivera a propoñer outra cousa e pensara que habería que revisa-la historia, porque a historia habería que revisala en tódolos seus procesos e non fala diso senón do recoñecemento e da rehabilitación pública dunha figura que cre que é exemplarizante, pero por ser exemplarizante non basta só e non bastou só os argumentos utilizados tamén polo Partido Popular nesta Sala de Plenos noutros tempos de que o partido ó que pertencía o señor Bóveda, que era o Partido Galeguista, lle fixera unha homenaxe nunha praza pública, porque aquilo foi un acto partidario dos seus compañeiros de partido, dos seus compañeiros ideolóxicos, pero hoxe se trata doutra cousa, trátase de que a cidade de Pontevedra recoñeza de forma oficial a figura deste home que desapareceu en circunstancias tráxicas, tense, como se dixo nalgún Pleno e refírese ós Plenos e ás frases vertidas por voceiros do Partido Popular naquel momento, que apostar por un estado de dereito con tódalas liberdades individuais e colectivas que xa están conqueridas, polo tanto este é un argumento para dicir que non cabe deixar asuntos tapados sobre sete lousas, porque se vive nestas circunstancias novas, porque ninguén pretende desenterrar agravios é polo que propón e súmase á rehabilitación histórica da persoa de Alexandre Bóveda, por iso e porque o Partido Socialista de Galicia comparte a ideoloxía de galeguidade que defendeu Bóveda nos seus tempos e porque o Partido Socialista de Galicia entende que é unha homenaxe que se lle debe facer a este home ó que propoñe e que votará a favor de que se encomencen os trámites para que sexa recoñecido como Fillo Adoptivo desta Cidade e lle sexa concedida a título póstumo a Medalla de Ouro desta Cidade.

De seguido fai uso da palabra o portavoz o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luis Bará Torres indicando que é coñecida a postura do seu grupo municipal ó respecto do recoñecemento e recuperación da figura humana e política de Alexandre Bóveda e tamén do seu recoñecemento mediante a concesión do título de Fillo Adoptivo e da Medalla de Ouro do Concello, entendendo que hai unha urxencia puntual, como sinalou o compañeiro Santiago Esperón, xa que o próximo 17 de agosto vaise conmemora-lo 63 cabodano da morte de Alexandre Bóveda, día que se conmemora tamén o dos mártires de Galicia, é dicir que Bóveda simboliza a tódalas persoas que morreron ou que foron asasinadas por defende-la causa da liberdade e do progreso de Galicia, pero ademais hai unha urxencia máis im-

portante que é a histórica de recuperar unha das grandes figuras do século vinte en Galicia, posiblemente a máis importante xunto con Castelao, unha persoa coa que Pontevedra ten unha débeda porque nesta cidade viviu durante dez anos, os máis intensos da súa vida e tamén posiblemente un dos períodos máis brillantes da historia de Pontevedra, que vai de 1927 a 1936 e que son os tempos da creación do Museo de Pontevedra, da Misión Biolóxica ou da Caixa de Aforros Provincial na que participou directamente cun protagonismo central o propio Bóveda, viviu intensamente a vida social e política da cidade, xa fixo referencia o compañeiro Chano Esperón á súa participación na Coral Polifónica, pero sobre todo tivo, como dixen antes, unha intervención directa e central na Deputación de Pontevedra á que foi chamado polo entón Presidente Daniel de la Sota para organiza-los servicios recadatorios e para poñer en marcha e dirixi-la Caixa de Aforros Provincial, Bóveda foi o primeiro director da Caixa de Aforros Provincial con só 26 anos de idade e foi o artifice, o creador da Caixa de Aforros Provincial, aínda está pendente o recoñecemento dese traballo por parte da propia Caixa de Aforros e da propia Deputación, que cre que non debe tardar, pero ademais Bóveda é unha personalidade que sobarda o ámbito local, é unha personalidade coa que Galicia e tódolos galegos e galegas teñen unha débeda difícil de satisfacer, unha débeda que ten que ver co extraordinario labor realizado por el, xunto con outras persoas, pero dirixido e protagonizado por el, na elaboración e aprobación do que foi o primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia, que é un fruto persoal do talento e da vontade de Alexandre Bóveda, como recoñecemento a ese traballo Galicia, no debate da Constitución, foi tamén recoñocida como nacionalidade histórica e en recoñecemento dese traballo dixo Castelao no ano 1948 "Cando Galicia encarou seriamente a conquista do seu estatuto a laboura de Bóveda asombrounos a todos e obrigounos a traballar rexamente e ben se pode dicir que a maior parte do realizado naquel intre debeuselle exclusivamente a Bóveda", hai antecedentes cercanos do recoñecemento institucional da figura de Bóveda, por exemplo no ano 1996 no sesenta aniversario da morte o Concello de Poio fixo unha homenaxe institucional e nese mesmo ano a Deputación de Ourense, é sabido que Bóveda é orensán de nacemento pero pontevedrés de adopción, nomeouno fillo predilecto da provincia por unanimidade de tódolos grupos políticos, polo tanto non ten sentido que Pontevedra demore por máis tempo algo que é urxente, que é necesario e que é xusto, porque é o mínimo que pode facer esta institución para recoñece-la figura humana e política de Alexandre Bóveda que hoxe constitúe un exemplo para construir unha Galicia aberta, tolerante e próspera, unha Galicia na que teñan cabida tódolos galegos e galegas, constitúe un exemplo pola súa xenerosidade, polo seu traballo, pola súa entrega total e desinteresada á causa do progreso e da liberdade desta terra.

Finalmente intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, sinalando que ésto es algo que en este Concello, al menos recuerda que en los cuatro últimos años, se viene presentando una moción permanentemente por el Bloque, es algo de lo que amenazó muy pronto el señor Bará Torres, aunque en el año 1998 se olvidó de presentarla, pero en todos los Plenos anteriores se reproduce exactamente su misma intervención por lo que no va a hacerlo en éste, aunque tiene que decir una vez más que cre que la figura de Alexandre Bóveda está totalmente rehabilitada y prueba de ello es que tiene una estatua en una de las plazas más bonitas esta ciudad y una importantísima calle lleva su nombre, por lo tanto como entiende que ya está rehabilitada anuncia la abstención del grupo municipal del Partido Popular.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular), acorda:

PRIMEIRO.- Recupera-la figura humana e política de Alexandre Bóveda mediante o recoñecemento institucional da súa integridade, do seu espírito dialogante, e do seu extraordinario traballo a favor da liberdade, da convivencia democrática e do progreso de Galicia.

SEGUNDO.- Inicia-los trámites para o nomeamento de Alexandre Bóveda Iglésias como fillo adoptivo de Pontevedra e para a concesión da Medalla de Ouro do Concello de Pontevedra.

TERCEIRO.- Celebración dun acto institucional de homenaxe a Alexandre Bóveda o próximo 17 de agosto.

F) PREGUNTAS.

Non se formulou ningunha pregunta.

G) ROGOS.

ROGO DE DON LUCIANO EUSEBIO SANTIAGO ESPERÓN, CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, RESPECTO O CRUCE DAS RÚAS BENITO CORBAL, DANIEL DE LA SOTA E COBIÁN ROFFIGNAC.

Manifesta que se trata dun rogo do que ás veces se entende como política menor ou como economía doméstica, pero as economías domésticas son as que fan a vida de tódolos días das persoas, sendo de todos sabido que en Pontevedra existe un colexio dedicado á instrucción de invidentes, que é o colexio da Organización Nacional de Cegos, e as últimas reformas do plan de aceiras situaron un cruce, que non sabe como cualificar, pero cando menos incómodo para o tránsito de invidentes e está a falar do cruce da rúa Benito Corbal con Daniel de la Sota e Cobián Roffignac, que ten unha sinalización extraña en canto ó código da circulación, posiblemente sexa un cruce de deseño, xa que non hai forma de que un invidente, e se está nunha cidade que debe ser sensible á educación dos invidentes porque

ten un dos colexios máis representativos de entrenamento e instrucción destas persoas, teñen graves dificultades para poder cruzar, porque nos regulados por semáforos o pitido do semáforo axúdalles a cruzar mentres que nos cruces non regulados, é posible que alguén andivo a pensar que hai formas de entrenar á xente e que a rugosidade do chan causa sensacións distintas, pero é unha actividade onde unha persoa que ten disminuidas algunhas facultades se lle pode facer tremendamente dificultosa, polo que roga ó equipo de goberno e ó Concelleiro encargado da materia que busque a fórmula, ben en contacto tanto co arquitecto deseñador do espacio de cruce xunto coa Organización Nacional de Cegos, que permita que non se convirta ese cruce nunha especie de trampa ou de impedimento a maiores para un grupo de conciudadáns importantes e polo tanto se actue nesa materia.

Contéstalle o señor Alcalde que o seu rogo estudiarase na próxima Comisión de Urbanismo e se non pode ser na próxima na seguinte, como tamén outros asuntos ó respecto de barreiras arquitectónicas.

ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, DON GUILLERMO ANTONIO MEIJÓN COUSELO, SOBRE ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN NUN SOPORTE INFORMÁTICO.

Manifesta que no seu día xa presentou na Comisión de Urbanismo a petición de que os papeis que de alí se derivan se entregaran ós grupos municipais en soporte informático, sendo a resposta totalmente positiva e neste tema así se está a facer, incluso conseguindo outras Comisións, pero o que lle roga ó señor Alcalde, mentres tanto non se habilita algo que sería absolutamente normal e lóxico neste Concello como sería manter unha rede informática, que dentro desa penuria se concrete nun ordenador toda información que saia relativa ás actas das Comisións, do Pleno, da Comisión de Goberno e resolucións da propia Alcaldía, de tal forma que ós grupos lle sea factible e fácil recolle-lo conxunto desa información e non ter que ir por tódalas oficinas buscando estes medios.

Respóndelle o señor Alcalde que toma nota do seu rogo e adoptaranse as medidas que sexan posibles e que solucionen este problema.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás trece horas, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Depena Outomuro.